

Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

Última versión

MODIFICACIONES

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 25 nova redacción por disposición derradeira primeira apartado un.

Disposición adicional primeira nova numeración por disposición derradeira primeira apartado dous.

Disposición adicional segunda engadida por disposición derradeira primeira apartado dous.

Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 25 apartados dous, tres e catro nova redacción por disposición derradeira segunda apartado un.

Disposición adicional segunda nova redacción por disposición derradeira segunda apartado dous.

Disposición transitoria quinta engadida por disposición derradeira segunda apartado tres.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013

Artigo 17 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado un.

Artigo 18 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado dous.

Artigo 19 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado tres.

Artigo 20 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado catro.

Artigo 21 apartado 1 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado cinco.

Artigo 25 apartados 2 e 3 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado seis.



Disposición derradeira primeira nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado sete.

Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

Artigo 12 apartado 4 suprimido por artigo 65 apartado un.

Artigo 16 nova redacción por artigo 65 apartado dous.

Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

Disposición adicional segunda parágrafo segundo nova redacción por disposición derradeira cuarta.

Lei 4/2014, do 8 de maio, pola que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

Artigo 40 apartado 1 nova redacción por artigo primeiro.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

Artigo 2 apartado 7 derogado por disposición derogatoria primeira.

Disposición adicional derogada por disposición derogatoria primeira.

Artigo 1 apartado c nova redacción por disposición derradeira sétima apartado un.

Artigo 2 apartados 5 e 6 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado dous.

Artigo 3 apartado 2 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado tres.

Artigo 12 apartado 2 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado catro.

Artigo 16 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado cinco.

Artigo 27 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 28 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 29 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 30 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 31 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 32 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 33 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 34 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 35 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 36 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 37 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 38 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 39 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 40 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 41 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 42 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado sete.

Artigo 43 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado sete.

Artigo 44 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado oito.

Artigo 45 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado oito.

Disposición adicional primeira engadida por disposición derradeira sétima apartado nove.

Disposición adicional terceira engadida por disposición derradeira sétima apartado dez.

Disposición transitoria segunda nova redacción por por disposición derradeira sétima apartado once.

Disposición transitoria sexta engadida por por disposición derradeira sétima apartado doce.

Disposición derradeira cuarta engadida por por disposición derradeira sétima apartado trece.

Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Disposición adicional terceira apartado1 nova redacción por artigo 35.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Artigo 3 apartado 1 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado un.

Artigo 6 apartado 4 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado dous.

Artigo 29 apartados 2 e 4 nova redacción por disposición derradeira sexta apartados tres e catro.

Artigo 33 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado cinco.

Artigo 40 apartados 1 e 3 nova redacción e apartados 4 e 5 engadidos por disposición derradeira sexta apartado seis.

Artigo 34 apartado 2 suprimido por disposición derradeira sexta apartado sete.

Disposición adicional cuarta engadida por disposición derradeira sexta apartado oito.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Disposición adicional quinta engadida por artigo 39 apartado dous.

Disposición adicional sexta engadida por artigo 39 apartado tres.

Disposición transitoria sétima engadida por artigo 39 apartado catro.

Disposición transitoria oitava engadida por artigo 39 apartado cinco.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Disposición adicional sexta nova redacción por artigo 46 apartado un.

Disposición transitoria oitava nova redacción por artigo 46 apartado dous.

Disposición adicional sétima engadida por artigo 46 apartado tres.

Disposición transitoria sétima apartado 2 nova redacción por artigo 46 apartado catro.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 3 apartado 2 letra c) nova redacción por artigo 39 apartado un.

Artigo 6 apartado 2 letra c) nova redacción por artigo 39 apartado dous.



Artigo 28 apartado 1 nova redacción por artigo 39 apartado tres.

Artigo 29 apartado 2 letras b) e e) nova redacción por artigo 39 apartados catro e cinco.

Artigo 33 apartados 7, 10, 12 e 15 nova redacción por artigo 39 apartados seis, sete, oito e nove.

Artigo 40 nova redacción por artigo 39 apartado dez.

Disposición adicional oitava engadida por artigo 39 apartado once.

Disposición adicional novena engadida por artigo 39 apartado doce.

Disposición transitoria novena engadida por artigo 39 apartado trece.

Disposición transitoria décima engadida por artigo 39 apartado catorce.

Disposición transitoria décimo primeira engadida por artigo 39 apartado quince.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

Artigo 27 apartado 3 nova redacción disposición derradeira segunda apartado un.

Disposición adicional terceira apartados 3, 4 e 5 engadidos por disposición derradeira segunda apartado dous.

Disposición transitoria sétima apartado 2 nova redacción disposición derradeira segunda apartado tres.

Disposición transitoria oitava parágrafo segundo nova redacción disposición derradeira segunda apartado catro.

Disposición transitoria novena engadida por disposición derradeira segunda apartado cinco.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 4 nova redacción por artigo 30 apartado un.

Artigo 6 nova redacción por artigo 30 apartado dous.

Artigo 6 bis engadido por artigo 30 apartado tres.

Artigo 6 ter engadido por artigo 30 apartado catro.

Artigo 6 quarter engadido por artigo 30 apartado cinco.

Artigo 6 quinquies engadido por artigo 30 apartado seis.

Artigo 11 bis engadido por artigo 30 apartado sete.

Artigo 14 nova redacción por artigo 30 apartado oito.

Artigo 15 nova redacción por artigo 30 apartado nove.

Artigo 16 suprimido por artigo 30 apartado dez.

Artigo 29 apartado 4 alínea d) nova redacción por artigo 30 apartado once.

Artigo 31 apartado 1 nova redacción por artigo 30 apartado doce.

Artigo 34 apartado 2 nova redacción por artigo 30 apartado trece.

Artigo 40 apartados 1, 2 e 3 nova redacción por artigo 30 apartado catorce.

Artigo 41 bis engadido por artigo 30 apartado quince.

Disposición adicional quinta nova redacción por artigo 30 apartado dezaseis.

Disposición adicional décima engadida por artigo 30 apartado dezasete.

Disposición adicional décimo primeira engadida por artigo 30 apartado dezaioito.

Disposición adicional décimo segunda engadida por artigo 30 apartado dezanove.

Disposición adicional décimo terceira engadida por artigo 30 apartado vinte.

Disposición adicional décimo cuarta engadida por artigo 30 apartado vinte e un.

Disposición adicional décimo quinta engadida por artigo 30 apartado vinte e dous.

Disposición adicional décimo sexta engadida por artigo 30 apartado vinte e tres.

Disposición adicional décimo sétima engadida por artigo 30 apartado vinte e catro.

Disposición transitoria décimo segunda engadida por artigo 30 apartado vinte e cinco.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 27 apartado 3 nova redacción por artigo 24 apartado un.

Artigo 28 apartado 4 nova redacción por artigo 24 apartado dous.

Artigo 29 apartado 3 nova redacción e apartado 4 letra i) engadida por artigo 24 apartados tres e catro.

Artigo 34 apartados 1 e 2 nova redacción por artigo 24 apartado cinco.

Artigo 35 apartado 3 nova redacción por artigo 24 apartado seis.

Artigo 36 apartado 5 nova redacción por artigo 24 apartado sete.

Artigo 40 apartado 4 nova redacción por artigo 24 apartado oito.

Disposición adicional terceira apartados 1 e 3 nova redacción por artigo 24 apartados nove e dez.

Disposición transitoria décimo primeira nova redacción por artigo 24 apartado once.



O disposto nos artigos 11 bis, 14, 15 e 16 da presente lei, na redacción dada pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, producirá efectos e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026. Desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025 manterase en vigor e aplicarase a regulación recollida nos artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, na redacción vixente inmediatamente anterior á data de entrada en vigor da Lei 5/2024.

Exposición de motivos.

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten regulado o aproveitamento da enerxía eólica a través do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, no que, entre outros aspectos, se estimula a participación do sector público no capital social do proxecto das empresas que, en virtude do procedemento que diseña, resulten autorizadas para instalar parques eólicos xeradores de enerxía eléctrica na nosa comunidade autónoma.

Tal participación, concibida polo Consello Consultivo de Galicia no seu Ditame 727/2007 como unha tacha de legalidade directa e infranqueable, ademais de supoñer a transmisión de accións ou participacións mediante distintos negocios xurídicos que requiren compromisos certos de elevados fondos públicos, tamén implica compartir decisións en decenas de consellos de administración alleos á Administración autonómica, en definitiva, ser socio e intervir en estratexias empresariais privadas nun sector que a normativa básica de aplicación, Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, abandonando a noción de servizo público, considera expresamente, artigo 2.1, de libre iniciativa empresarial.

Unha escrupulosa observancia e respecto da liberalización do sector e a consideración de que o interese público de Galicia pode e debe encontrarse mellor reflectido e en harmonía plena co ordenamento xurídico son causa e razón suficientes para xustificar o distanciamento do procedemento ideado polo decreto e iniciado pola orde de aplicación co fin de atopar outras fórmulas, outros modelos máis racionais, máis perfectos, máis rectos.

A enerxía eólica, na súa consideración de renovable, é dicir, na súa condición de enerxía procedente dunha fonte inesgotable, e en atención ao seu carácter de limpa, ao non producir efectos contaminantes á atmosfera, é un activo que debe ser impulsado/ estimulado desde os poderes públicos. Que isto sexa así non implica que a súa implantación sexa totalmente inocua. En efecto, a instalación de aeroxeradores supón servidumes, cargas inevitables para o contorno, para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan, que en parte devén transformado non só como consecuencia do impacto visual producido pola existencia dos aeroxeradores, senón tamén como resultado das infraestruturas que eses elementos requiren, como son os camiños de acceso e as liñas de evacuación.



Esta alteración ambiental dos perfís dos horizontes, esta deseconomía, debe ser reparada mediante o establecemento dunha compensación en favor das concretas áreas territoriais que soportan e sosteñen a implantación de parques eólicos, resarcimento que basicamente debe nutrirse dos ingresos xerados pola institución dun tributo medioambiental denominado canon eólico, prestación patrimonial pública de natureza finalista e extrafiscal concibida como instrumento axeitado destinado a internalizar os custos sociais e ambientais mencionados e dirixido a estimular e promover a incorporación das novas tecnoloxías nos aeroxeradores, de tal xeito que a maior potencia unitaria destas repotenciacións dea lugar á redución do seu número, en definitiva, a protexer o medio ambiente, artigo 45.2 da Constitución.

Xustifícase plenamente a creación do canon eólico ao se configurar esta prestación como tributo de natureza extrafiscal, defínese o seu feito imponible como a xeración de afeccións e impactos ambientais adversos sobre o medio natural e, por ende, sobre o territorio, a través da instalación dos bens afectos á produción de enerxía eólica.

Como se vén adiantando, paralelamente ao canon créase o Fondo de Compensación Ambiental, que se integrará esencialmente cos recursos derivados do canon eólico. Artículase como medio que facilita a compatibilidade do desenvolvemento eólico coas actuacións de reparación do contorno e coa ordenación do territorio, definida xa como obxectivo polo vixente Plan sectorial eólico de Galicia na súa memoria xustificativa. En consecuencia, serán principais beneficiarios do fondo os entes locais cuxo termo municipal se encontre dentro da liña de delimitación poligonal dun parque eólico, tamén os afectados polas súas instalacións de evacuación.

Esta lei, ademais de concibir o novo modelo de aproveitamento eólico descrito nos parágrafos precedentes, pretende tamén regular as liñas esenciais do procedemento que debe seguirse para a autorización das instalacións de parques eólicos.

Suposta a competencia autonómica para a ordenación do procedemento e de acordo coa Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, esta lei conforma un procedemento de autorización administrativa precedido dun trámite de selección competitiva que, sen desvirtuar a natureza autorizatoria do procedemento, se adecúa á especificidade do sector da enerxía eólica. A seguridade da subministración, manifestada en limitacións derivadas da cota e das redes de transporte, a protección ambiental, a promoción das novas tecnoloxías e, en xeral, as potestades administrativas de planificación na materia derivadas das obrigas do sector público xustifican sobradamente a adopción do procedemento elixido, que, así mesmo, desde unha planificación racional dos tempos que deben seguirse e das necesidades que deben satisfacerse, establece convocatorias periódicas para autorizacións de parques eólicos por grupos de ADE.

Neste mesmo sentido é preciso resaltar que o Tribunal Supremo examinou a materia da enerxía eólica en pronunciamentos recentes, de entre os que cómpre destacar a sentenza do 30 de xaneiro de 2007, na que respecto do sector eléctrico recoñece «unha certa intervención pública» e o carácter de «sector necesariamente regulado», sinala que a circunstancia de que as autorizacións teñan carácter regrado e se rexan polos principios de obxectividade, transparencia e non discriminación «non é incompatible coa esixencia de que aqueles que as soliciten deban acreditar, entre outros extremos, as condicións de eficiencia enerxética das instalacións propostas».

A Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, aínda que non resulte directamente aplicable a este sector, admite, utilizando a mesma lóxica, a opción de autorización con selección «cando o número de autorizacións dispoñibles para unha determinada actividade estea limitado debido á escaseza de recursos naturais ou das capacidades técnicas que se poidan empregar».

A regulación por esta lei do novo procedemento que debe seguirse é unha necesidade imposta pola instauración deste renovado modelo de aproveitamento eólico que, como xa apuntamos, prescinde da participación pública como criterio de valoración nas autorizacións, extremo este de substancial relevancia no anterior. Esta diferente ordenación dos trámites vén ademais requirida polas recentes exixencias normativas de simplificación e axilización deste tipo de procesos.

En efecto, o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, prevé a planificación e axilización de instalacións como medida para garantir a sustentabilidade económica do sistema eléctrico no ámbito do réxime especial. O novo rexistro de preasignacións previsto no devandito real decreto lei e o seu carácter cronolóxico xustifican sobradamente esta conveniencia.

En similar sentido, a Directiva 2009/28/CE, do 23 de abril, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, ademais de definir como obxectivo obrigatorio para o ano 2020 unha cota do 20% de enerxías procedentes desas fontes, prevé que con ese fin os estados membros adopten as medidas apropiadas para garantir que os procedementos administrativos se racionalicen e se aceleren no nivel administrativo adecuado.

Pois ben, este obxectivo de axilización administrativa acádase mediante unha regulación racional e simplificada das distintas fases que non necesariamente deben producirse nun único procedemento. Con iso supérase a complexidade e conseguinte confusión/ dificultade xerada pola normativa precedente, garantíndose, á par, os principios de concorrencia e transparencia nun contexto de ampla seguridade xurídica.

Na mesma razón, non podemos obviar que a exixencia da certeza xurídica resulta reforzada mediante a previsión de convocatorias limitadas a áreas de desenvolvemento eólico nas que desde a propia administración se garantan o respecto aos requisitos ambientais, a suficiencia de recursos de vento e a posibilidade técnica de evacuación da enerxía xerada nos parques.

A incompatibilidade do novo modelo de aproveitamento eólico co ata agora vixente baseado, entre outros aspectos, na participación pública en capitais sociais alleos aos seus intereses, a pluralidade de convocatorias con ámbitos territoriais limitados fronte a unha soa de carácter global, a obriga de que non chegue a consolidarse o procedemento anterior incurso nunha manifesta incerteza xurídica, a creación do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental como instrumentos de protección medioambiental e as consecuentes modificacións procedementais articuladas nesta norma que axilizan os trámites das autorizacións de parques eólicos son, a xuízo definitivo da lei, cambios normativos substanciais e razóns xustificadas de

interese público que motivan a falta de base do procedemento instruído ao abeiro do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, e da Orde do 6 de marzo de 2008 e que determinan a imposibilidade da súa continuación.

En virtude do anterior, é vontade e decisión da lei acordar de xeito expreso e unilateral o desestimento e, en consecuencia, a finalización do actual procedemento en curso e declarar competente para materializar tal acto debido á persoa titular da consellaría con atribucións en materia de enerxía.

II

A lei estrutúrase en corenta e cinco artigos, seis títulos, unha disposición adicional, catro transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras.

O título I, artigos 1º a 4º, establece disposicións xerais relativas ao obxecto, ao ámbito de aplicación e ás competencias e definicións básicas para a interpretación de diferentes conceptos.

O título II, artigos 5º e 6º, relanza o concepto de planificación, especificando os criterios nos que debe asentarse e regulando a figura do Plan sectorial eólico de Galicia como eixe básico para a implantación das instalacións de enerxía eólica na nosa comunidade autónoma.

O título III, artigos 7º a 26º, de acordo co principio «quen contamina paga», prevé o establecemento do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental. O canon é un tributo ambiental que, partindo dun limiar de tolerancia, pretende combater as cargas que provoca a implantación de aeroxeradores. Ten unha finalidade reparadora garantida pola a súa afectación ao Fondo de Compensación. De conformidade co sinalado no artigo 31.3 da Constitución, o establecemento deste ingreso público require dunha norma con rango de lei formal que delimite non só o feito impositivo, senón tamén os demais elementos que incidan directa e determinantemente na contía da débeda, elementos todos eles regulados ao longo destes artigos. Respecto do Fondo de Compensación Ambiental institúense normas definidoras da súa natureza, procedencia dos ingresos que o integran, actuacións de investimento ás que se destina e órgano encargado da súa xestión.

O título IV, artigos 27º a 41º, regula o réxime de autorización administrativa para a instalación de parques eólicos, con especial atención ao procedemento administrativo que debe seguirse e que se basea nunha fase de selección previa de anteproxectos e no outorgamento final da autorización. Prevé outros aspectos relevantes como o réxime de fianzas e a transmisión das autorizacións eólicas.

O título V, artigos 42º e 43º, refírese á inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica e á consecuente inscrición no correspondente rexistro. Recolle a inclusión no réxime especial.

O título VI, artigos 44º e 45º, prevé as normas básicas sobre expropiación e servidumes, como procedementos asociados ás autorizacións de parques eólicos.



A disposición adicional modifica a alínea 37 do anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras na Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición transitoria primeira mandata ao conselleiro competente en materia de enerxía para desistir do procedemento incoado para a obtención de autorizacións de parques eólicos que se está a tramitar no momento de aprobación desta norma.

A disposición transitoria segunda asimila certos espazos ás áreas de desenvolvemento eólico en tanto non se aprobe un novo plan sectorial eólico de Galicia e pretende garantir os dereitos adquiridos ao abeiro da normativa anterior por aqueles promotores convertidos en titulares de plans eólicos empresariais actualmente aínda vixentes ou non esgotados.

A disposición transitoria terceira considera vixente o actual Plan sectorial eólico de Galicia en tanto non se aprobe un novo plan e en todo o que non se opoña ao disposto nesta lei.

A disposición transitoria cuarta contén previsións en relación cos parques eólicos e parques eólicos singulares admitidos a trámite ao abeiro do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, e da Orde do 29 de outubro de 2002.

A disposición derogatoria única supprime a vixencia do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico na Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición derradeira primeira habilita os órganos da Administración autonómica para adoptar as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento da lei.

A disposición derradeira segunda posibilita a modificación de calquera elemento do canon eólico a través da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición derradeira terceira dispón a data de entrada en vigor da lei.

III

O marco competencial no que se encadra esta lei vén constituído polo Estatuto de autonomía de Galicia, que no seu artigo 27.13, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.º 22 e 25 da Constitución, lle outorga á nosa Comunidade a competencia exclusiva sobre as instalacións de produción e as instalacións de distribución e transporte secundario de enerxía eléctrica, cando estas non saian do territorio de Galicia e o seu aproveitamento non afecte outra provincia ou comunidade autónoma. O artigo 28.3 da mesma norma recoñécelle a Galicia a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime mineiro e enerxético.

A competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento do canon eólico ten a súa cobertura nos artigos 133.2, 148.1.9.ª, 149.1.23 e 157.1.b) da Constitución, nos artigos 10.1, 27.3 e concordantes do Estatuto de autonomía, no artigo 17.b) da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e na autonomía financeira que o artigo 156.1 da norma fundamental recoñece a estas no marco do seu ámbito competencial, neste suposto, dentro do contexto medioambiental; isto é, nun dobre título, dunha parte, na



competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para aprobar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e a paisaxe, e, doutra, na súa intrínseca potestade tributaria.

Neste escenario competencial, considerando o disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, reguladora do sector eléctrico, visto o Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que a desenvolve, co fin de que o aproveitamento da enerxía eólica se realice consonte o novo modelo deseñado e trazado nos parágrafos anteriores e co ánimo resolto de afianzar a Galicia no liderado da produción de enerxía eólica, procede levar a cabo esta regulación normativa.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta lei ten por obxecto regular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) A planificación do aproveitamento da enerxía eólica mediante a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia.
- b) O canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, como instrumentos para garantir o equilibrio territorial afectado pola instalación de parques eólicos e a sustentabilidade dos valores naturais.
- c) O establecemento dun procedemento para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, baseado nos principios de libre competencia, transparencia, simplicidade, publicidade e axilización administrativa, que garanta o pleno respecto á seguridade xurídica.
- d) Outras cuestións conexas co réxime autorizadorio como o procedemento para a declaración de utilidade pública das instalacións nos procedementos de expropiación.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 1 apartado c nova redacción por disposición derradeira sétima apartado un.

Artigo 2º.-Definicións.

Para os efectos de interpretación desta lei teranse en conta as seguintes definicións:



1 Parque eólico: instalación de producción de electricidad a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria.

2. Plan sectorial eólico de Galicia: instrumento de ordenación do territorio, de incidencia supramunicipal, cuxo obxectivo é o de regular e ordenar a implantación territorial de parques eólicos. O Plan sectorial eólico de Galicia integra as diferentes áreas de desenvolvemento eólico (ADE) para garantir unha adecuada inserción das infraestruturas e instalacións dos parques eólicos no territorio.

3. Área de desenvolvemento eólico (ADE): espazo territorial, delimitado en coordenadas UTM e comprendido dentro do ámbito do Plan sectorial eólico de Galicia, susceptible de acoller un ou varios parques eólicos dedicados á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

4. Aerogenerador: conxunto mecánico instalado nun parque eólico composto esencialmente de zapata, torre, pas e góndola que transforma a enerxía eólica do vento en enerxía eléctrica mediante rotores de palas que, a través dun sistema de transmisión mecánico, xiran o rotor dun xerador convertendo a enerxía mecánica rotacional en enerxía eléctrica.

5. Instalacións de conexión: segundo se define no artigo 30 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, enténdese por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de enlace entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

6. Poligonal de delimitación dun parque eólico: área efectivamente afectada pola instalación dun parque eólico determinada no seu proxecto de execución.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo derogado: Artigo 2 apartado 7 derogado por disposición derogatoria primeira.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 2 apartados 5 e 6 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado dous.

Artigo 3º.-Ámbito de aplicación.



1. Quedan sometidas ao disposto na presente lei aquelas instalacións de produción de electricidade obtida da enerxía eólica cuxa autorización, conforme o previsto no artigo 27.13 do Estatuto de autonomía, sexa competencia da Comunidade Autónoma. Ao resto de instalacións do mesmo tipo situadas no territorio de Galicia seranlles aplicables en todo caso as disposicións do título II, III e V da presente lei.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) As instalacións eólicas de potencia menor ou igual a 100 kW.

b) Os parques eólicos experimentais que leven asociado un alto compoñente de investigación en I+D+i, definidos no artigo 3 do Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

c) As instalacións de xeración eólica para o autoconsumo sen excedentes.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 3 apartado 2 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado tres.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 3 apartado 1 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado un.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 3 apartado 2 letra c) nova redacción por artigo 39 apartado un.

Artigo 4º.-Competencia.

A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellaría competente en materia de planificación enerxética.

Correspóndelle á consellaría competente en materia de instalacións de produción de enerxía eólica tramitar e resolver, como órgano con competencia principal, as solicitudes que se presentaren ao amparo do disposto nesta lei, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos das administracións públicas.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo modificado: Artigo 4 nova redacción por artigo 30 apartado un.

TÍTULO II PLANIFICACIÓN DO APROVEITAMENTO EÓLICO EN GALICIA

Artigo 5º.-Criterios de planificación.

1. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia realizarase atendendo aos seguintes criterios:

a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos estudos xa realizados, do Atlas eólico realizado polo IDAE, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e dos datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia, Inega.

b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de forma que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.

c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.

d) Impacto medioambiental.

e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galicia e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.

f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita unha implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.

2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial eólico de Galicia.

Artigo 6º.-O Plan sectorial eólico de Galicia.

1. O Plan sectorial eólico de Galicia é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia e, en especial, dos parques eólicos, no marco das competencias da Comunidade Autónoma, establecendo os criterios de localización e, de ser o caso, as características que garantan a funcionalidade e a súa coherente distribución territorial, compatible coa preservación do seu patrimonio natural, de xeito que tal previsión quede enmarcada dentro dunha política global de ordenación do territorio, coa necesaria coordinación dos intereses sectoriais concorrentes e, en particular, a coordinación dos distintos títulos de intervención pública sectoriais de enerxía renovable, ambiental, territorial e urbanística.



2. As finalidades xerais do Plan sectorial serán as seguintes:

- a) Promover e impulsar o despregamento e o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, como enerxía renovable, tendo en conta o seu papel esencial no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea.
- b) Fomentar a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do medio ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.
- c) Promover os beneficios sociais e económicos derivados do aproveitamento das enerxías renovables en Galicia, mediante a creación de novos postos de traballo sustentables, a modernización e o desenvolvemento económicos, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais.
- d) Contribuír á redución de custos da enerxía e á redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e reducindo a dependencia e a pobreza enerxéticas, así como a garantir, en xeral, a dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos por parte dos consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos.
- e) Promover o desenvolvemento local e o acceso á enerxía en zonas rurais e axudar á loita contra o despoboamento e a fixar poboación no medio rural mediante o pulo da economía local.
- f) Promover a aceptación pública dos proxectos de enerxías renovables mediante a participación directa e indirecta das comunidades locais nos devanditos proxectos.
- g) Favorecer a cohesión territorial e social, loitando en particular contra o declive ou o estancamento da poboación das áreas rurais.
- h) A redución do impacto da implantación e explotación das actividades no medio ambiente, consonte as normas de calidade medioambiental exixibles e as mellores técnicas dispoñibles en cada momento.

3. En particular, é obxecto do Plan sectorial a identificación e determinación das zonas idóneas para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia, co fin de recoller a previsión de localización de instalacións e infraestruturas de enerxía eólica necesarias para lograr o máximo aproveitamento do potencial renovable de Galicia.

As instalacións necesarias para a produción e evacuación da electricidade xerada e as actuacións que constitúen o obxecto e ámbito do Plan sectorial decláranse de marcado carácter territorial e alcance supramunicipal.



4. O Plan sectorial terá carácter integrador e referirase, por tanto, ao conxunto de actuacións que, pola súa función ou destino, requiran dunha planificación ou ordenación conxunta. Para tal efecto, o ámbito territorial do Plan sectorial será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Atendendo á súa natureza, contido e finalidade, non será preciso o desenvolvemento do Plan sectorial mediante proxectos de interese autonómico.

6. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de planificación enerxética. Así mesmo, poderán implantarse fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia os proxectos declarados de especial interese público social e económico que cumpran co establecido no artigo 18.2 da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 6 apartado 4 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado dous.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 6 apartado 2 letra c) nova redacción por artigo 39 apartado dous.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 6 nova redacción por artigo 30 apartado dous.

Artigo 6º bis.-Contido do Plan sectorial eólico de Galicia.

1. O Plan sectorial eólico de Galicia conterá, cando menos, as seguintes determinacións:

a) Descrición do contexto e implantación territorial presentada polo sector e análise do impacto das actuacións públicas e privadas producidas no pasado e previstas para o futuro dentro do ámbito sectorial.

b) Establecemento de criterios de coordinación con outros sectores e co marco xeral da ordenación territorial establecido polas Directrices de ordenación do territorio.

c) Delimitación dos ámbitos territoriais en que poderán localizarse as infraestruturas e instalacións obxecto do plan. Para tal efecto, o Plan sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos devanditos ámbitos delimitados, cando for condición mesma para a súa efectividade.

En particular, delimitaranse as zonas de aceleración renovable eólica.

d) Descrición das características xerais das infraestruturas, dotacións ou instalacións previstas no plan.

e) Medidas de protección do medio ambiente, o patrimonio cultural e a paisaxe, consonte a normativa vixente.

f) Determinación das prioridades de actuación e definición de estándares e normas de distribución territorial, de ser o caso.

g) Medidas para un desenvolvemento da enerxía eólica compatible co territorio e o desenvolvemento rural.

h) En especial, desenvolveranse medidas e instrumentos que permitan a fixación de beneficios sociais e económicos no territorio, convertendo o despregamento da enerxía eólica nunha ferramenta ao servizo da cohesión territorial, favorecendo as comunidades locais, o tecido industrial local, as pemes e as empresas de economía social.

i) A obriga dos titulares das autorizacións de cumpriren as condicións e os requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e o desenvolvemento das actividades no medio ambiente, consonte as normas de calidade medioambiental exixibles, así como as condicións xerais que deban cumprirse en relación co deseño, a construción, o mantemento e a explotación das actividades, de acordo coas mellores técnicas dispoñibles, entendendo por tales as máis eficaces para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, en condicións económica e tecnicamente viables, tomando en consideración os custos e os beneficios, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

j) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

k) Supostos de modificación do Plan sectorial e normas específicas para o seu seguimento.

2. A documentación do Plan sectorial axustarase ao establecido no artigo 37 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 6 bis engadido por artigo 30 apartado tres.

Artigo 6º ter.-Eficacia do Plan sectorial eólico de Galicia.

1. As determinacións do Plan sectorial terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade, expresando de xeito claro e inequívoco o alcance con que deberán operar.
2. O Plan sectorial poderá conter determinacións de aplicación directa, que serán inmediatamente aplicables aos terreos sobre os que incidan e que, como determinacións de ordenación territorial, prevalecerán sobre as previsións contrarias do planeamento municipal.
3. En particular, o Plan sectorial poderá precisar as condicións de edificación e os requisitos aplicables ás instalacións que constitúen o seu obxecto, que prevalecerán sobre as previstas con carácter xeral na normativa e no planeamento urbanísticos para o solo rústico.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 6 ter engadido por artigo 30 apartado catro.

Artigo 6º quater.-Avaliación ambiental e procedemento de aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia.

1. O Plan sectorial eólico de Galicia deberá someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
2. O procedemento de aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia realizarase consonte o previsto no artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.
3. Con carácter previo ao inicio da súa tramitación, o Consello da Xunta de Galicia poderá establecer criterios xerais para a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 6 quater engadido por artigo 30 apartado cinco.

Artigo 6º quinquies.-Modificación, efectos e vixencia do Plan sectorial eólico de Galicia.

A modificación, os efectos e a vixencia do Plan sectorial eólico de Galicia rexeranse polo establecido nos artigos 56 a 61 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 6 quinquies engadido por artigo 30 apartado seis.



TÍTULO III INSTRUMENTOS DE EQUILIBRIO TERRITORIAL. O CANON EÓLICO E O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Artigo 7º.-Obxectivos de equilibrio territorial.

Para protexer o medio ambiente, para estimular a incorporación das novas tecnoloxías nos aeroxeradores, para minorar o número destes e para reforzar o equilibrio territorial xerado pola instalación de parques eólicos créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

CAPÍTULO I O CANON EÓLICO

SECCIÓN PRIMEIRA DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 8º.-Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación.

Co obxecto de contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, créase o canon eólico aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9º.-Afectación dos ingresos xerados polo canon.

1. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse a conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes.
2. Así mesmo, será beneficiaria o conxunto da sociedade mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sustentabilidade, da biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos naturais de Galicia.
3. Tales ingresos serán xestionados a través do Fondo de Compensación Ambiental.



Artigo 10º.-Normativa aplicable.

O canon eólico rexeráse polas disposicións desta lei, polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento e polo disposto nas disposicións xerais en materia tributaria.

SECCIÓN SEGUNDA ELEMENTOS DO CANON EÓLICO**Artigo 11º.-Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible do canon eólico a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Entenderase producido o feito imponible aínda que a titularidade dos aerogeneradores non corresponda ao titular da autorización administrativa para a instalación dun parque eólico.

Artigo 11º bis.-Supostos de exención.

Quedan exentos do canon eólico aqueles parques que teñan a consideración de experimentais e os denominados parques eólicos singulares cuxa titularidade corresponda a un concello.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 11 bis engadido por artigo 30 apartado sete.

Artigo 12º.-Período impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.

2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación do parque eólico e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos nos que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.

3. Sen prexuízo do disposto na alínea 1, nos casos de primeira instalación ou desmantelamento do parque eólico o período impositivo entenderase polo período existente entre o devengo e o último día do período impositivo, no primeiro caso, e entre o devengo e a data de desmantelamento do parque eólico, no segundo.

Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.



Artigo modificado: Artigo 12 apartado 4 suprimido por artigo 65 apartado un.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 12 apartado 2 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado catro.

Artigo 13º.-Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos do canon en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, baixo calquera título, leven a cabo a explotación dun parque eólico aínda que non sexan titulares dunha autorización administrativa para a súa instalación.

Presumirase, salvo proba en contra, que a explotación dun parque eólico é realizada pola persoa ou entidade que figure como titular da correspondente autorización administrativa para a súa instalación.

2. Son suxeitos do canon en calidade de responsables solidarios:

a) As persoas titulares de autorizacións administrativas para a instalación dun parque eólico cando quen leve a cabo a explotación non coincida co titular da autorización.

b) As persoas titulares dos aeroxeradores cando a devandita titularidade non concorra no titular da explotación nin no titular da autorización administrativa.

Artigo 14º.-Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a suma total da altura medida en metros dos aeroxeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para estes efectos, entenderase por altura a distancia desde a superficie do terreo en que se sitúa o aeroxerador ata a punta da pa cando esta se atopa no punto máis alto.

2. No caso dos parques eólicos que se estendan máis aló do límite territorial da comunidade autónoma, a base imponible estará constituída pola suma total da altura medida en metros dos aeroxeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base imponible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devindicación. No caso de que a altura dalgún ou todos os aeroxeradores variar ao longo do período impositivo, a base imponible calcularase rateando por días o período de explotación de cada aeroxerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo engadido: Artigo 14 nova redacción por artigo 30 apartado oito.

Artigo 15º.-Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impositiva do tipo de gravame de 75 euros por cada metro de altura de aeroxerador.
2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 15 nova redacción por artigo 30 apartado nove.

Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Artigo modificado: Artigo 16 nova redacción por artigo 65 apartado dous.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 16 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado cinco.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 16 suprimido por artigo 30 apartado dez.

SECCIÓN TERCEIRA XESTIÓN DO CANON

Artigo 17º.-Presentación de declaracións e autoliquidacións

1. Para os efectos de aplicación do canon eólico, os suxeitos pasivos están obrigados a declarar inicialmente os datos, as características e as circunstancias necesarias para a cuantificación do tributo, así como as modificacións dos datos previamente declarados, nos prazos e lugar e mediante os modelos e consonte as instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde. Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración de baixa, no suposto de desmantelamento do parque eólico.



2. A Administración establecerá un rexistro obrigatorio de parques eólicos, dos aerogeneradores neles existentes e das características destes. A estrutura, o contido e a sede do rexistro así como os procedementos para a súa formación e o seu mantemento determinaranse mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do canon eólico, determinando a débeda tributaria correspondente, e ingresarán o seu importe na forma, nos prazos e no lugar e mediante os modelos e consonte as instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 17 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado un.

Artigo 18º.-Liquidacións provisionais

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 18 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado dous.

Artigo 19º.-Utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas.

A consellaría en materia de enerxía poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do canon se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben.

Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 19 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado tres.

Artigo 20º.-Aplicación do canon eólico.



1. A consellaría competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.
2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do canon así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria corresponderanlles aos órganos competentes da Administración tributaria da consellaría competente en materia de facenda, segundo a norma de organización da Administración tributaria.
3. Sen prexuízo do establecido na alínea anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de medio ambiente, enerxía e industria auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante, entre outras actuacións, a elaboración de informes por petición deles, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 20 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado catro.

Artigo 21º.-Potestade sancionadora.

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades previstas na Lei xeral tributaria, e serán aplicables as disposicións xerais contidas nela.
2. A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 21 apartado 1 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado cinco.

Artigo 22º.-Revisión.

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables consonte as disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.



2. O coñecemento das reclamacións económicoadministrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso- administrativa.

CAPÍTULO II O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Artigo 23º.-Creación e natureza.

Para a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial créase o Fondo de Compensación Ambiental, ao que lle serán aplicables as disposicións previstas neste capítulo e as establecidas nas ordes que, para a súa regulación, dite a consellaría competente en materia de réxime local.

Artigo 24º.-Financiamento.

Sen prexuízo dos demais recursos que nel poidan integrarse, o Fondo de Compensación Ambiental financiarase cos ingresos obtidos do canon eólico deducidos os gastos de xestión.

Artigo 25º.-Destino.

1. O Fondo de Compensación Ambiental estará afectado á realización, nos termos previstos nos puntos seguintes, de gastos nos entes locais que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Non obstante, a lei anual de orzamentos poderá establecer criterios específicos de afectación do Fondo de Compensación Ambiental, sempre e cando a súa aplicación non comprometa máis do 50% da dotación correspondente aos recursos anuais e consista na súa vinculación ao financiamento de actuacións comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables.

2. Despois de aplicar o disposto na alínea anterior, destinarase como mínimo o 50 % da contía dispoñible do fondo ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión para a realización de:

- a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e mais á recuperación do medio natural degradado ou contaminado.
- b) Actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables.
- c) Outras actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural.

3. Os custos elixibles, para efectos de distribución do fondo, son os seguintes:

a) Investimentos en inmovilizado: custo de man de obra externa, execución material, equipos e instalacións. Cando no investimento participe directamente persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.

b) Custos de proxecto e dirección de obra, se se trata de contratacións externas.

c) Custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do medio ambiente e do espazo natural. No caso de utilizar persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.

4. A cantidade asignada a cada proxecto destinarase en función do orzamento presentado pola entidade local solicitante e non poderá superar o 100% do devandito orzamento

5. A distribución anual do fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estivese comprendida no punto 2 deste artigo, que terán que estar dirixidas á protección do medio ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 25 nova redacción por disposición derradeira primeira apartado un.

Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 25 apartados dous, tres e catro nova redacción por disposición derradeira segunda apartado un.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Artigo 25 apartados 2 e 3 nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado seis.

Artigo 26º.-Xestión.

A xestión do fondo realizaraa a dirección xeral competente en materia de réxime local de conformidade coas directrices que se establezan na orde que dite a consellaría da que aquela dependa.

TÍTULO IV PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DAS INSTALACIÓNS DE PARQUES EÓLICOS



Artigo 27. Réxime de autorizacións administrativas

1. A posta en funcionamento, a modificación substancial, o pechamento temporal, a transmisión e o pechamento definitivo de parques eólicos estarán sometidos, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecidas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e á súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.

2. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciárase por solicitude da persoa interesada e tramitárase de acordo co especificado nesta lei.

3. A tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación deberase solicitar conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

Non obstante, no caso de infraestruturas de evacuación compartidas que sirvan para evacuar máis dunha instalación de produción, a solicitude poderase presentar de xeito independente por todas ou por parte das persoas titulares das instalacións de produción que van compartir a infraestrutura de evacuación, nunha única solicitude. Neste caso, as titulares das instalacións de produción que presenten a solicitude terán a consideración de persoas promotoras da infraestrutura de evacuación para os efectos dos requisitos exixidos para a presentación da solicitude. O resto de titulares de instalacións de produción que utilicen a infraestrutura de evacuación compartida e que non presenten a solicitude como promotoras terán unicamente a consideración de persoas usuarias da infraestrutura de evacuación en cuestión. Se durante a tramitación das autorizacións administrativas necesarias para a infraestrutura de evacuación compartida algunha das promotoras perde, por calquera motivo, a condición de titular da instalación de produción que vai compartir a infraestrutura de evacuación, entenderase que esa promotora desiste da súa solicitude e continuará a tramitación coas demais promotoras.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 27 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 27 apartado 3 nova redacción disposición derradeira segunda apartado un.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo modificado: Artigo 27 apartado 3 nova redacción por artigo 24 apartado un.

CAPÍTULO I TRÁMITE DE SELECCIÓN DE ANTEPROXECTOS

Artigo 28. Avais

As persoas promotoras depositarán na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia a garantía económica a que fai referencia o Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, ou normativa que o substitúa, segundo corresponda coa rede de transporte ou coa rede de distribución.

2. Quedan eximidas do depósito da devandita garantía aquelas modificacións de instalacións en explotación que non supoñan incrementos sobre a capacidade de acceso previamente concedida.

3. A garantía económica será cancelada cando a persoa solicitante obteña a autorización de explotación definitiva da instalación.

4. A caducidade dos permisos de acceso e conexión supoñerá a execución inmediata da garantía económica. Porén, o órgano competente poderá exceptuar a execución da garantía depositada pola persoa titular dunha instalación se a caducidade dos permisos de acceso e conexión está ocasionada porque un informe ou resolución dunha administración pública impide a construción, e así fose solicitado por esta.

5. A garantía constituída será devolta á persoa promotora no caso de inadmisión da solicitude á que se fai referencia no artigo 33.3.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 28 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 28 apartado 1 nova redacción por artigo 39 apartado tres.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 28 apartado 4 nova redacción por artigo 24 apartado dous.

Artigo 29. Presentación de solicitudes de autorización administrativa previa e de construción



1. O procedemento administrativo de autorizacións para a instalación de parques eólicos iniciárase por solicitude da persoa interesada e tramitárase de acordo co especificado neste título.

2. Só se poderá solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos establecidos nos artigos 30, 31 e 32, alén de contaren co permiso de acceso á rede de transporte e distribución. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumplan estes requisitos.

No caso de solicitudes relativas a infraestruturas de evacuación compartidas solicitadas por unha pluralidade de persoas promotoras, os requisitos establecidos no artigo 30 deberán ser cumpridos por todas as promotoras da infraestrutura de evacuación compartida individualmente consideradas.

3. As solicitudes presentaranse exclusivamente a través de medios electrónicos que se habilitarán para o efecto regulamentariamente e dirixiranse á dirección xeral competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39 /2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

4. O modelo normalizado de solicitude de autorización aprobarase por orde da consellaría competente en materia de enerxía, así como a documentación necesaria que se achegará a aquela, que se presentará en formato electrónico e, cando menos, conterá:

a) Documentación xustificativa da capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, segundo o establecido no artigo 30.

b) Copia do resgardo de presentación na Caixa Xeral de Depósitos da garantía económica que establece o Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, ou normativa que o substitúa, e documento xustificativo emitido polo xestor da rede a que se conecte que acredite ter permiso de acceso e conexión.

c) Proxecto de execución subscrito por técnico ou técnica competente, con separatas para os organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectados. O contido mínimo do proxecto de execución será establecido regulamentariamente.

d) Documentación ambiental que proceda segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, para a avaliación do impacto ambiental do proxecto, debendo conter os elementos previstos na Lei 2/2024, do 7 de novembro. En particular, o estudo de impacto ambiental identificará os beneficios sociais e económicos que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais dos promotores dirixidos a xeralos, nos ámbitos da creación de novos postos de traballo sustentables, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais, a redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos.

e) Planimetría da infraestrutura de produción que recolla todas as instalacións en formato SHP.

f) Para aqueles casos en que a persoa promotora solicítase a declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 44, relación de bens e dereitos afectados, así como a xustificación da necesidade da expropiación, xunto cunha declaración responsable dos acordos acadados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados.

g) Xustificante de pagamento da taxa de verificación de requisitos e capacidades recollida co código 01 no punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa.

h) Para aqueles casos nos que se produza solapamento nos termos establecidos no artigo 31, escritura pública do acordo entre as partes ao que fai mención o devandito artigo.

i) Documentación de xustificación da evacuación da instalación de produción ata o punto de conexión a través do propio proxecto ou doutros en tramitación, autorizados ou en funcionamento.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos no punto anterior, requírase a persoa interesada para a súa reparación, concedéndolle un prazo de dez días, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida dela.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 29 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 29 apartados 2 e 4 nova redacción por disposición derradeira sexta apartados tres e catro.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 29 apartado 2 letras b) e e) nova redacción por artigo 39 apartados catro e cinco.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 29 apartado 4 alínea d) nova redacción por artigo 30 apartado once.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 29 apartado 3 nova redacción e apartado 4 letra i) engadida por artigo 24 apartados tres e catro.



Artigo 30. Requisitos da capacidade das persoas solicitantes

1. As persoas promotoras que presenten as solicitudes de autorización administrativa ás que se refire esta lei deberán acreditar capacidade legal, técnica e económica para a realización do proxecto, a través dos medios seguintes:

a) Capacidade legal. A persoa solicitante deberá ter personalidade física ou xurídica propia, excluíndose as unións temporais de empresas.

b) Capacidade técnica. A capacidade técnica cumprirase mediante a acreditación de, cando menos, un dos seguintes requisitos:

- Ter exercido a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos.

- Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica.

- Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, á súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores.

c) Capacidade económica. Entenderase cumprida cando se achegue documentación suficiente que garanta a viabilidade económico-financeira do proxecto. Esta documentación deberá incluír, polo menos, unha declaración responsable e un estudo económico-financeiro que xustifique a viabilidade do proxecto.

2. A documentación xustificativa para a acreditación das capacidades poderá ser desenvolvida por orde da consellaría competente en materia de enerxía.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 30 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 31. Requisitos das solicitudes de autorización previa e de construción de parques eólicos

1. As solicitudes a que se refire o artigo 29 non poderán solaparse, no momento da solicitude, con ningún parque eólico, xa sexa de competencia autonómica ou estatal, en explotación, autorizado pendente de construción ou en fase de tramitación administrativa, salvo que exista un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados.

2. Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os criterios que determinen a existencia de solapamento entre parques eólicos.

3. Considerarase que un parque eólico se atopa en fase de tramitación administrativa desde o momento no que a persoa solicitante presente a correspondente solicitude, sempre que na data de presentación dela cumpra cos requisitos necesarios para a súa admisión a trámite.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 31 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 31 apartado 1 nova redacción por artigo 30 apartado doce.

Artigo 32. Rede Natura

Quedan excluídos da implantación de novos aeroxeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formaren parte da Rede Natura 2000, consonte a normativa vixente en cada momento. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando a dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aeroxeradores previamente instalados na dita zona de Rede Natura.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 32 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 33. Instrución do procedemento

1. As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e tramitaranse na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes indicados no artigo 29.2.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá unha resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

4. No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificara á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas,



prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante disporá dun prazo máximo dun mes para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación. Se o suxeito promotor non achegar a xustificación prevista no apartado anterior no prazo establecido, o órgano competente terao por desistido da súa solicitude.

5. A orde de tramitación das solicitudes de autorización administrativa admitidas poderase determinar mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía, tendo en conta as posibilidades de evacuación da enerxía eléctrica destes proxectos, así como os proxectos tractores ou que se declaren iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

6. Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará unha copia do proxecto de execución, xunto cos planos en formato SHP do parque eólico, ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos na disposición adicional quinta.

8. Así mesmo, o dito órgano poderá solicitar informes previos aos órganos sectoriais en función das posibles afeccións que poidan resultar incompatibles co proxecto. O prazo máximo para a emisión destes informes será dun mes. Transcorrido este prazo sen pronunciamento expreso, continuarase co procedemento. Será condición necesaria para continuar co procedemento que estes informes non teñan carácter desfavorable. De ser o caso, archivarase a solicitude por incompatibilidade, logo de audiencia ao promotor, e procederase á devolución das garantías económicas correspondentes.

9. Obtido o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente á unidade tramitadora. Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

10. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, así como na

páxina web da consellaría competente en materia de enerxía. No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

11. Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións coide oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou da parte dela que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

12. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, solicitando, polo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectados, con bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

13. No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

14. Aplicarase o regulado na sección 1ª do capítulo I da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude. De non se recibiren estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

15. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidos para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución e do estudo de impacto ambiental, co fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora dispoñerá do prazo máximo dun mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non se presentar esta documentación no prazo indicado, entenderase que o promotor desiste da solicitude de autorización administrativa e arquivarase a solicitude sen máis trámites. O arquivamento da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, que o comunicará ao órgano competente.

16. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía, engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

17. A valoración positiva ambiental exixible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, así como o informe de cumprimento de distancias indicado no punto 7 deste artigo, serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

18. Así mesmo, deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución, segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 33 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 33 nova redacción por disposición derradeira sexta apartado cinco.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 33 apartados 7, 10, 12 e 15 nova redacción por artigo 39 apartados seis, sete, oito e nove.

Artigo 34. Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento

1. Logo de se realizar a instrución do procedemento administrativo de autorización e de se acreditar por parte da persoa solicitante a obtención dos permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución, segundo corresponda, o órgano de dirección competente na materia de enerxía ditará unha resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora dispoñerá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación, logo de audiencia previa da persoa interesada, nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou na norma que a substitúa.

Este prazo quedará suspendido no caso de existir un pronunciamento por parte dun órgano administrativo ou xudicial que suspenda a eficacia da resolución de autorización

administrativa previa e de construción. Así mesmo, a Administración, contando coa petición previa da persoa titular da autorización, suspenderá o prazo no caso de existiren recursos xudiciais interpostos por terceiros, ata que a autorización alcance firmeza.

A Administración autonómica poderá, por solicitude da persoa promotora, outorgar a extensión do prazo para cumprir co fito de obtención da autorización administrativa de explotación definitiva, nos termos establecidos no artigo 28.2 do Real decreto lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca. Nestes casos, o prazo para obter a autorización de explotación será o que se determine na resolución de extensión do prazo, ditada de conformidade co establecido na normativa estatal, sen que, polo tanto, poida outorgarse a autorización administrativa de explotación con anterioridade ao inicio do semestre comprometido na solicitude.

A resolución de autorización administrativa previa e de construción dunha infraestrutura de evacuación compartida que for solicitada por unha pluralidade de persoas promotoras establecerá a responsabilidade solidaria de todas as promotoras da infraestrutura de evacuación no que respecta a todas as obrigas impostas no trámite ambiental e na resolución de autorización, así como ás obrigas establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para as persoas produtoras de enerxía eléctrica. Adicionalmente, a resolución identificará, por proposta das promotoras, a persoa titular que actuará como interlocutora responsable coa Administración para os efectos da execución do proxecto e do cumprimento das obrigas impostas na autorización, con carácter particular, e na normativa do sector eléctrico, con carácter xeral. A resolución da autorización administrativa previa e de construción poderá impoñer ás titulares as obrigas que estime necesarias para garantir a gobernanza da infraestrutura compartida e a protección do medio ambiente. En particular, a resolución da autorización administrativa previa e de construción poderá impoñer ás titulares a obriga de designar unha única construtora para toda a infraestrutura de evacuación compartida.

3. A resolución publicarase integramente no Diario Oficial de Galicia e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpor os recursos que procedan.

4. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, porán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, será acordada de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.



Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 34 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 34 apartado 2 suprimido por disposición derradeira sexta apartado sete.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 34 apartado 2 nova redacción por artigo 30 apartado trece.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 34 apartados 1 e 2 nova redacción por artigo 24 apartado cinco.

Artigo 35. Autorización de explotación

1. Logo de executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.

2. Á devandita solicitude achegarase un certificado de final de obra subscrito por técnica ou técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia.

3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente na materia de enerxía que tramitase o expediente no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas.

A resolución de autorización de explotación dunha infraestrutura de evacuación compartida que fose solicitada por unha pluralidade de persoas promotoras establecerá a responsabilidade solidaria de todas as promotoras da infraestrutura de evacuación no que respecta a todas as obrigas impostas no trámite ambiental e na resolución de autorización, así como ás obrigas establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, para as persoas produtoras de enerxía eléctrica. Así mesmo, a resolución identificará, por proposta das promotoras, a titular que actuará como interlocutora responsable coa Administración para os efectos do seguimento e control do cumprimento das obrigas impostas ás titulares pola resolución de autorización de explotación, en particular, e na normativa do sector eléctrico, con carácter xeral.



4. No caso de que a unidade tramitadora for a dirección xeral competente en materia de enerxía, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 35 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 35 apartado 3 nova redacción por artigo 24 apartado seis.

CAPÍTULO II AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DAS INSTALACIÓNS DE PARQUES EÓLICOS

Artigo 36. Transmisión da titularidade de parques eólicos

1. As transmisións de titularidade dun parque eólico en explotación, dun parque eólico autorizado pendente de construír e dun expediente administrativo no que se tramita a autorización dun parque eólico requiren autorización administrativa previa da consellaría competente en materia de enerxía.

2. A solicitude de autorización administrativa de transmisión deberá ser dirixida á dirección xeral competente en materia de enerxía por quen pretenda adquirir a titularidade. Á solicitude deberá achegarse a documentación necesaria que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante, así como unha declaración da actual persoa titular na que manifeste a súa vontade de transmitir a dita titularidade.

3. A dirección xeral competente en materia de enerxía resolverá sobre a solicitude da autorización de transmisión no prazo de tres meses, desde a recepción da documentación completa da solicitude. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos que procedan.

A resolución será notificada á persoa solicitante e á transmitente. A partir desta notificación, a persoa solicitante contará cun prazo de seis meses para adquirir a titularidade. Producirase a caducidade da autorización se, transcorrido o devandito prazo, a adquisición non se fai efectiva.

Producida a transmisión, a persoa solicitante deberá comunicala á dirección xeral competente en materia de enerxía, no prazo dun mes desde que se faga efectiva.

4. A autorización administrativa de transmisión de titularidade terá validez ante as entidades locais e calquera outro organismo desde o mesmo momento en que se lles notifique de maneira que faga fe. A transmisión de titularidade autorizada entenderase



extensiva á declaración de utilidade pública da instalación en cuestión e comportará a necesidade do cambio da titularidade do aval de acceso e conexión.

5. A solicitude administrativa de transmisión da titularidade dunha infraestrutura de evacuación asociada a un parque eólico realizárase de forma simultánea á solicitude de transmisión da titularidade dese parque eólico.

A persoa titular dunha infraestrutura de evacuación non poderá ser en ningún caso distinta da do parque eólico asociado. No suposto de infraestruturas de evacuación compartidas cunha pluralidade de titulares, unicamente poderán ser titulares da infraestrutura de evacuación compartida as que sexan titulares dunha instalación de produción que comparta a mencionada infraestrutura de evacuación.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 36 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 36 apartado 5 nova redacción por artigo 24 apartado sete.

Artigo 37. Modificacións non substanciais de parques eólicos

1. As modificacións dun parque eólico terán o carácter de non substanciais cando cumbran a totalidade dos seguintes requisitos:

- a) Os aeroxeradores mantéñense dentro da poligonal definida no proxecto inicial.
- b) A potencia total do parque eólico non experimenta un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal.
- c) Cúmrense os requisitos e criterios de non solapamento establecidos no artigo 31.
- d) Dispónse de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación.
- e) Dispónse de informe favorable do órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo sobre a adecuación da modificación aos preceptos urbanísticos aplicables establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia, especialmente no relativo á nova ordenación urbanística proposta e aos requisitos de distancias ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.

2. Así mesmo, para os efectos do previsto neste artigo, tamén terán a consideración de modificacións non substanciais aquelas modificacións consistentes no incremento da



potencia nominal dos aerogeradores, sempre que non supoñan un incremento ou redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto orixinal, manténdose inalteradas todas as demais características técnicas do parque eólico.

3. As solicitudes de modificacións non substanciais deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 31.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 37 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 38. Procedemento de autorización de modificacións non substanciais

1. As modificacións non substanciais de parques eólicos non requirirán o outorgamento dunha nova autorización administrativa previa e de construción.

2. As autorizacións administrativas previas e de construción de parques eólicos seguirán a ser eficaces respecto das modificacións non substanciais dos proxectos iniciais, sempre que, antes do inicio da execución do proxecto modificado, así o soliciten as persoas titulares delas ante a dirección xeral competente en materia de enerxía e lles sexan recoñecidas estas modificacións como non substanciais en virtude do disposto nesta lei.

3. As solicitudes de recoñecemento dunha modificación como non substancial presentaranse dirixidas ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, e conterán, cando menos:

a) Para aqueles casos nos que se modifique a potencia da instalación, documentación acreditativa de dispoñer de acceso e punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, para a potencia adicional.

b) Nos supostos de modificación non substancial recollida no punto 1 do artigo 37:

– A documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas alíneas a), b) e c) do punto 1 do artigo 37.

– A documentación necesaria para solicitar os informes aos que fan mención as alíneas d) e e) do punto 1 do artigo 37.

c) Para aqueles supostos establecidos no punto 2 do artigo 37:

– Declaración responsable da persoa promotora de que se manteñen inalterables todas as características do parque eólico, agás a potencia nominal dos aerogeradores.

– A documentación xustificativa do incremento de potencia do aerogenerador.



4. Nos supostos de modificacións non substanciais recollidos no punto 1 do artigo 37, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará ao órgano ambiental a documentación necesaria para solicitar o informe ao que fai mención a alínea d) do punto 1 do artigo 37, para o efecto de que este emita no prazo de vinte días o devandito informe. No caso de que o órgano ambiental o considere preciso, indicará a relación de organismos que considera necesario que se consulte con respecto á validación ambiental do proxecto modificado.

5. Igualmente, enviarase ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo a documentación necesaria, para o efecto de que emita nun prazo máximo de vinte días o informe ao que se refire a alínea e) do punto 1 do artigo 37.

6. A dirección xeral competente en materia de enerxía dispoñerá dun prazo dun mes para emitir o recoñecemento dunha modificación como non substancial, contado desde o momento no que dispoña de toda a información e documentación necesaria. A dirección xeral competente só poderá emitir o devandito recoñecemento logo de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 31. A falta de recoñecemento expreso terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan. Este recoñecemento será expresamente comunicado ás consellarías con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente.

7. As autorizacións de explotación recollerán expresamente aquelas modificacións non substanciais expresamente recoñecidas.

8. A eficacia das modificacións non substanciais recoñecidas como tales de acordo co establecido nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo de cantos permisos, licenzas e autorizacións ou outros requisitos precisen con carácter previo a solicitar a autorización de explotación.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 38 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 39. Modificacións substanciais

1. Terán a consideración de modificacións substanciais as modificacións que non poidan incluírse na definición de modificación non substancial recollida no artigo anterior.

2. As modificacións substanciais tramitaranse e, de ser o caso, autorizaranse de acordo co procedemento e condicionantes establecidos neste título.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



Artigo modificado: Artigo 39 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

CAPÍTULO III FIANZAS E TRANSMISIÓN DE PARQUES EÓLICOS

Artigo 40. Implantación de proxectos eólicos en solo rústico

1. Conforme o establecido no artigo 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os proxectos de parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación poderán implantarse en calquera categoría de solo rústico, ao non implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos, sen que sexa necesaria a aprobación dun proxecto de interese autonómico regulado pola lexislación de ordenación do territorio.

2. Outorgada a autorización administrativa previa e de construción, tramitarase o título habilitante municipal de natureza urbanística que corresponda. No caso de que o solo sexa rústico de especial protección, será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á tramitación do título habilitante municipal. Para estes efectos, non será necesaria a emisión dunha nova autorización ou informe no caso de que a competencia sectorial corresponda a un órgano autonómico e este se pronunciase favorablemente no trámite previsto no artigo 33.12.

3. As instalacións de produción de electricidade, aeroxeradores, instalacións de control e obra civil necesaria do parque, así como as súas infraestruturas e liñas de evacuación, deberán axustarse ao proxecto aprobado, sen que lles sexan aplicables as condicións que recolle o artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro. As casetas onde se instalen elementos de control non poderán estar situadas a unha distancia inferior a 5 metros dos lindes da parcela. No caso de que o proxecto inclúa obras que deban cualificarse de edificación de acordo coa lexislación reguladora da ordenación da edificación, serán aplicables a elas as condicións que recolle o artigo antes citado para os edificios.

4. En todo caso, e para os efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais, tanto os contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente como os necesarios para a súa execución.

Lei 4/2014, do 8 de maio, pola que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Artigo modificado: Artigo 40 apartado 1 nova redacción por artigo primeiro.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 40 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.



Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 40 apartados 1 e 3 nova redacción e apartados 4 e 5 engadidos por disposición derradeira sexta apartado seis.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 40 nova redacción por artigo 39 apartado dez.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 40 apartados 1, 2 e 3 nova redacción por artigo 30 apartado catorce.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 40 apartado 4 nova redacción por artigo 24 apartado oito.

Artigo 41. Pechamento

1. A persoa titular da instalación que pretenda o pechamento desta deberá presentar unha solicitude de autorización administrativa de pechamento, a través dos medios electrónicos que se habilitarán regulamentariamente, dirixida ao órgano competente en materia de enerxía, de acordo co establecido no punto 5 do artigo 16 e no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.
2. A persoa titular da instalación achegará á solicitude un proxecto de pechamento, que deberá conter como mínimo unha memoria na que se detallen as circunstancias técnicas, económicas, ambientais ou de calquera outra orde polas que se pretende o pechamento, así como os planos actualizados da instalación a escala adecuada.
3. A unidade tramitadora será o órgano territorial correspondente da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase a autorización de explotación, agás que a solicitude de pechamento se refira a un parque eólico situado en máis dunha provincia, para o que a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.
4. Logo de tramitado o expediente, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía elevará o expediente de solicitude de pechamento, xunto co seu informe, á dirección xeral competente en materia de enerxía, que deberá resolver, logo do informe favorable do operador do sistema e xestor da rede de transporte, nun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo na dirección xeral competente. En todo caso, a autorización de pechamento da instalación impoñerá á persoa titular desta a obriga de proceder ao seu desmantelamento nos termos que resulten da tramitación do expediente de pechamento e á restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.



A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, e poderán interpoñerse os recursos procedentes.

A resolución notificarase á persoa solicitante e publicarse, en todo caso, no Diario Oficial de Galicia.

5. A autorización expresará o período de tempo, contado a partir da notificación do seu outorgamento, dentro do cal deberá procederse ao pechamento e ao desmantelamento da instalación.

6. Concedida a autorización de pechamento, o órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas, redactará acta de pechamento cando este se faga efectivo e o parque eólico cursará baixa no Rexistro Eólico de Galicia.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 41 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado seis.

Artigo 41 bis. Cumprimento da normativa aplicable e cláusula de progreso das autorizacións.

1. Os titulares das autorizacións estarán obrigados a desenvolver todas aquelas actividades necesarias para producir enerxía eléctrica nos termos previstos na súa autorización e, en especial, no que se refire á seguridade, á dispoñibilidade e ao mantemento da potencia instalada e ao cumprimento das condicións medioambientais exixibles, consonte o establecido na normativa básica estatal.

2. En particular, os titulares das autorizacións estarán obrigados a cumprir as condicións e os requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e explotación das actividades no medio ambiente, consonte as normas exixibles.

3. Para os efectos indicados no número anterior, poderán establecerse nas autorizacións, consonte o que se determine, de ser o caso, no Plan sectorial eólico de Galicia, as condicións xerais que deban cumprirse en relación co deseño, a construción, o mantemento e a explotación das actividades, de acordo coas mellores técnicas dispoñibles, entendendo por tales as máis eficaces para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, en condicións económica e tecnicamente viables, tomando en consideración os custos e os beneficios, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

4. O incumprimento das condicións e dos requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación, con audiencia previa do interesado, consonte o establecido na normativa básica estatal.



Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 41 bis engadido por artigo 30 apartado quince.

TÍTULO V Rexistro Eólico de Galicia

Artigo 42. Rexistro Eólico de Galicia

1. Créase o Rexistro Eólico de Galicia, no que se recollerá dun xeito electrónico a localización cartográfica de todos os parques eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación administrativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, os cales, á súa vez, deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro de Cartografía de Galicia, nos termos e de conformidade co previsto no Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, aprobado polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro.

2. Aos datos sinalados no punto anterior incorporaranse no Rexistro Eólico de Galicia todas as solicitudes de modificación de proxectos, que constituirán información de apoio para a xestión de solapamentos de parques eólicos.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 42 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado sete.

Artigo 43. Funcionamento e xestión do Rexistro

1. O Rexistro Eólico de Galicia constitúese coa finalidade de ser unha ferramenta electrónica de acceso e consulta pública.

2. O funcionamento, a xestión e o desenvolvemento do Rexistro estableceranse por orde da consellaría competente en materia de enerxía.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 43 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado sete.

TÍTULO VI Expropiación e servidumes



Artigo 44. Declaración de utilidade pública

1. Para os efectos previstos no título IX da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na normativa que o desenvolve, ou normas que as substitúan, o recoñecemento da utilidade pública das instalacións incluídas no ámbito desta lei será acordado pola dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia no caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.
2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse de xeito simultáneo á solicitude de autorización administrativa previa e/ou de construción, durante a tramitación destas autorizacións ou con posterioridade á obtención de calquera das devanditas autorizacións administrativas.
3. Para o devandito recoñecemento será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos sobre os que non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación.
4. A solicitude mencionada no punto anterior someterase a información pública. Igualmente, solicitarase o informe dos organismos afectados.
5. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e concordantes da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ou normas que as substitúan.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 44 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado oito.

Artigo 45. Concorrenza de utilidades ou interese público e trámite e declaración de compatibilidade ou prevalencia

1. Se, solicitado o recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora do parque eólico, se opuxer á declaración deste a persoa titular doutro interese público radicado no mesmo espazo territorial, por entender que a autorización e a subseguinte instalación do parque eólico prexudicarían a este, procederase a determinar a compatibilidade ou incompatibilidade dos aproveitamentos enfrontados e, no caso de incompatibilidade, declararase a prevalencia dun deles.
2. O procedemento de declaración de compatibilidade ou prevalencia de utilidades públicas será iniciado pola dirección xeral competente en materia de enerxía logo de solicitado o



recoñecemento de utilidade pública pola persoa promotora e en canto teña coñecemento da existencia de aproveitamentos que poidan resultar incompatibles.

3. Ao devandito coñecemento poderá chegarse de oficio ou por solicitude de parte interesada presentada en calquera momento anterior á resolución na que se declare a utilidade pública. O órgano tramitador dará audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectadas, e concederelles un prazo de quince días para presentar alegacións, que se remitirán á persoa promotora para o seu coñecemento e contestación.

4. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do resultado del ao órgano competente para a autorización ou título habilitante do aproveitamento, que deberá remitir, nun prazo de vinte días hábiles, informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

5. Cando a compatibilidade ou prevalencia se suscite entre aproveitamentos nos que sexa competente para a súa autorización a consellaría competente en materia de enerxía, a declaración de utilidade pública e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas pola persoa titular da consellaría en materia de enerxía no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

6. No caso de que as autorizacións ou títulos habilitantes para os aproveitamentos sexan competencia de máis dunha consellaría, a declaración de utilidade pública do parque eólico e, de ser o caso, a declaración de compatibilidade ou prevalencia serán realizadas polo Consello da Xunta de Galicia, ao que se remitirá o expediente co informe das consellarías afectadas, no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e poderanse interpoñer os recursos que procedan.

7. Se a instalación afecta montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, entenderanse cumpridos co procedemento regulado neste artigo. Nestes casos, a declaración de utilidade pública da instalación levará implícito o recoñecemento de prevalencia para os efectos establecidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Artigo 45 nova redacción por disposición derradeira sétima apartado oito.

Disposicións adicionais



Disposición adicional primeira. Proxectos declarados de interese especial

1. Poderán ser declarados de interese especial polo Consello da Xunta os proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables, impulsadas ao amparo do disposto no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, ou norma que o substitúa, coa finalidade de que sexan despachados prioritariamente polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que interveñen no procedemento administrativo da súa autorización e con carácter de urxencia.

2. A solicitude de declaración de interese especial destes proxectos deberase realizar á consellaría competente en materia de enerxía, presentando unha memoria que conteña a súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial, entre outros, así como unha declaración responsable de que o proxecto se desenvolverá no marco das poxas indicadas anteriormente, debendo determinar o prazo previsto para a súa execución.

Para realizar esta solicitude, a persoa promotora do proxecto deberá presentar previamente, tanto para a instalación de produción de enerxía como para as infraestruturas de evacuación asociadas, a solicitude de autorización de construción, así como, se é preciso, a solicitude de declaración de utilidade pública e a de aprobación do proxecto sectorial.

3. A declaración de proxecto de interese especial será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, e abarcará conxuntamente o proxecto de produción de enerxía e as infraestruturas de evacuación asociadas.

4. A declaración de interese especial dun proxecto terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial.

5. Os proxectos declarados de interese especial deberán executarse e solicitar a autorización de explotación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. No caso contrario, quedará sen efecto a declaración de interese especial do proxecto e serán incautados os correspondentes avais e garantías depositadas.

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición adicional primeira nova numeración por disposición derradeira primeira apartado dous.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



Artigo derogado: Disposición adicional derogada por disposición derogatoria primeira.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo engadido: Disposición adicional primeira engadida por disposición derradeira sétima apartado nove.

Disposición adicional segunda. Creación da comisión de seguimento da execución dos proxectos de desenvolvemento de natureza industrial e do resto de criterios de selección vinculados aos parques eólicos adxudicados dentro das ordes de convocatoria que regula esta lei.

Co fin de levar a cabo o seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial e do resto de criterios de selección vinculados aos parques eólicos adxudicados dentro das ordes de convocatoria que regula esta lei créase unha comisión de seguimento e control que garantirá a execución das actuacións polas que os proxectos eólicos foron seleccionados.

A comisión de seguimento e control estará integrada por seis membros e funcionará en pleno e por seccións. O presidente e os restantes membros serán designados pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía. Será nomeado secretario da comisión un dos membros, distinto do que exerza a presidencia.

A concreción dos fins da comisión, a súa organización e o seu funcionamento desenvolveranse regulamentariamente mediante orde da consellaría con competencias en materia de enerxía.

A constitución e posta en funcionamento desta comisión non supoñerán incremento do gasto público.

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional segunda engadida por disposición derradeira primeira apartado dous.

Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición adicional segunda nova redacción por disposición derradeira segunda apartado dous.

Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Artigo modificado: Disposición adicional segunda parágrafo segundo nova redacción por disposición derradeira cuarta.



Disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación

1. As novas solicitudes de autorización a que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou a norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable.

2. Decláranse de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa, os proxectos sectoriais das infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan sectorial eólico de Galicia.

3. Para iniciar a tramitación do expediente dunha infraestrutura de evacuación será requisito necesario que o parque eólico dispoña de permiso de acceso e conexión. O final da infraestrutura de evacuación ten que coincidir co punto de conexión do parque ou con outra infraestrutura de evacuación doutros parques eólicos que estea en tramitación, autorizada ou en servizo, para garantir que o trazado da liña proposto sexa viable tecnicamente e produza o menor impacto posible sobre o territorio. Para estes efectos, achegarase a documentación de xustificación da evacuación da instalación de produción ata o punto de conexión a través do propio proxecto ou doutros en tramitación, autorizados ou en funcionamento.

4. Como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, agás que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas.

5. Para evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada, sempre que sexa posible, deberase utilizar a rede existente, xa sexa de transporte, distribución ou evacuación titularidade doutros promotores eólicos que teña capacidade suficiente de evacuación ou que sexa posible o seu reforzo ou repotenciación. Para iso poderá facerse uso do establecido no artigo 54.2 da Lei 24/2013, do sector eléctrico.

Os promotores deberán solicitar a repotenciación da rede de distribución ou transporte existente e intentar chegar a acordos cos titulares doutras infraestruturas de evacuación, ou xustificar a imposibilidade de facelo, antes de propoñeren un trazado novo.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo engadido: Disposición adicional terceira engadida por disposición derradeira sétima apartado dez.

Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo engadido: Disposición adicional terceira apartado 1 nova redacción por artigo 35.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Artigo modificado: Disposición adicional terceira apartados 3, 4 e 5 engadidos por disposición derradeira segunda apartado dous.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición adicional terceira apartados 1 e 3 nova redacción por artigo 24 apartados nove e dez.

Disposición adicional cuarta. Réxime xurídico

No procedemento de autorizacións administrativas das instalacións de parques eólicos serán de aplicación os artigos 50, 51 e 52 da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Artigo engadido: Disposición adicional cuarta engadida por disposición derradeira sexta apartado oito.

Disposición adicional quinta. Distancias a núcleos de poboación

1. Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxa máis pa).

Estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán aplicables estes requisitos de distancia aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, nos cales, para manter a súa potencia total en funcionamento, exista imposibilidade técnica xustificada da súa implantación.

Non serán tampouco aplicables a aqueles proxectos que perdesen os permisos de acceso e conexión como consecuencia de non teren alcanzado algún dos fitos previstos no Real



decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, e que deban solicitar novamente as autorizacións administrativas previa e de construción, sempre que contén cunha declaración de impacto ambiental favorable en vigor na data da nova solicitude de autorización.

En todo caso, os aeroxeradores deberán situarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.

2. As distancias establecidas nesta disposición ás delimitacións de solo citadas no número 1 mediranse desde o centro da base do aeroxerador, sen ter en conta as pas.

3. No caso dos núcleos de poboación ou outros lugares habitados, casas illadas, establecementos industriais, granxas ou establecementos ou explotacións destinadas á gandaría extensiva e intensiva, ou outros establecementos situados fóra das clases de solos indicadas, non serán aplicables as indicadas distancias. Nestes casos, para determinar as distancias precisas deberá observarse o establecido polas normas especificamente aplicables, de ser o caso, e o resultado da avaliación ambiental. En particular, para asegurar o cumprimento dos niveis sonoros de inmisión establecidos pola normativa de ruído, os estudos de impacto ambiental recollerán análises sobre a propagación do ruído, en relación coas características dos aeroxeradores e a xeografía concreta do terreo.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional quinta engadida por artigo 39 apartado dous.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional quinta nova redacción por artigo 30 apartado dezaseis.

Disposición adicional sexta. Planificación de novas solicitudes de parques eólicos

1. Atendendo ao número de proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos, que excede a prevista no Plan sectorial eólico de Galicia, e co obxecto de procurar unha ordenación racional desde a perspectiva das competencias galegas en relación coa ordenación do territorio, durante o prazo de dezoito meses desde a entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos.

Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite.

2. Exceptúanse do establecido no número anterior:

a) Aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados



como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de enerxía.

b) Aqueles proxectos que, tendo solicitado un permiso de acceso e conexión antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o obteñan durante o prazo que dura a moratoria.

3. Atendendo ás eventuais desistencias, renuncias, declaracións de caducidade ou resolucións desestimatorias das solicitudes xa presentadas, o Consello da Xunta de Galicia, motivadamente, poderá reabrir temporalmente o prazo para presentar novas solicitudes utilizando como referencia os MW en trámite.

4. En todo caso, o establecido neste artigo será unicamente aplicable a aquelas instalacións que sexan competencia da Comunidade Autónoma en virtude do disposto na lexislación básica.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional sexta engadida por artigo 39 apartado tres.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición adicional sexta nova redacción por artigo 46 apartado un.

Disposición adicional sétima. Solicitudes para a instalación de parques eólicos que perdan o permiso de acceso e conexión como consecuencia do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica

1. A Administración autonómica continuará a tramitación das solicitudes para a instalación de parques eólicos que perdan o permiso de acceso e conexión como consecuencia do incumprimento dos fitos temporais establecidos no Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica. De a tramitación da solicitude chegar ao momento inmediatamente anterior á obtención da autorización administrativa e cumprir con todos os requisitos, excepto ter o citado permiso, o órgano substantivo para a súa autorización emitirá unha declaración en que faga constar que o proxecto cumpre con todos os requisitos para a autorización, a excepción do permiso de acceso e conexión, e que a autorización administrativa previa e de construción non pode emitirse ata a obtención do permiso.

A indicada declaración notificarase ao promotor. Así mesmo, daráselle traslado á Delegación do Goberno en Galicia, para os efectos do coñecemento desta circunstancia.

2. Para todos aqueles proxectos que non sexan iniciativas empresariais prioritarias de acordo co establecido na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, os expedientes que dispoñan de permiso de acceso e conexión terán preferencia na tramitación sobre os que non o teñan.

3. Tendo en conta a brevidade dos prazos establecidos no Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, e o elevado número de solicitudes presentadas e expedientes de avaliación ambiental en tramitación como consecuencia da aplicación da indicada norma, entenderase que a perda dos permisos de acceso e conexión por incumprimento dos fitos de obtención de declaración de impacto ambiental (DIA) establecidos no real decreto lei se debe á imposibilidade material de cumprimento dos indicados prazos, polo que se apreciará a existencia de causas non imputables ao promotor. Deste modo, no caso de caducidade dos citados permisos, non se procederá á execución das garantías económicas depositadas ante a Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 1.2 do citado Real decreto lei 23/2020. O establecido neste número non será aplicable nos supostos en que a Administración autonómica aprecie motivadamente que o incumprimento do fito se deba directamente a defectos graves da documentación presentada ou a outras causas unicamente imputables ao promotor. Neste caso, procederase ao arquivo da solicitude, logo da audiencia ao interesado.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional sétima engadida por artigo 46 apartado tres.

Disposición adicional oitava. Instalacións iniciais de autoconsumo eólicas sen excedentes que durante a súa tramitación ou unha vez instaladas obteñan un permiso de acceso e conexión

Aquelas instalacións de xeración eólica para o autoconsumo sen excedentes que, consonte o artigo 3, queden excluídas do seu ámbito de aplicación pero que durante a súa tramitación ou unha vez executadas obteñan un permiso de acceso e conexión a rede de transporte ou distribución por unha potencia superior a 100 kW deberán tramitarse conforme o disposto nesta norma, e non poderán, en caso de estaren executadas, conectar a rede mentres non obteñan as autorizacións administrativas necesarias para ser unha instalación de produción de acordo co establecido no título IV desta lei.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional oitava engadida por artigo 39 apartado once.



Disposición adicional novena. Consideración dos posibles efectos acumulativos e sinérgicos na avaliación de impacto ambiental de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica

1. Na avaliación de impacto ambiental que se realice nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica deberanse ter en conta, en particular, os posibles efectos significativos acumulativos e sinérgicos dos demais parques eólicos en funcionamento, en construción, con autorización administrativa, con declaración de impacto ambiental ou con informe de impacto ambiental, sobre os factores indicados no artigo 5.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, situados dentro da zona de influencia do proxecto, que compartan acceso, infraestruturas de evacuación e/ou outra infraestrutura asociada. Esta mesma regra aplicárase aos proxectos de instalacións de conexión dos parques eólicos de competencia autonómica cando se tramitasen de forma separada aos proxectos dos parques.

Para estes efectos, considerarase zona de influencia do proxecto aquela en que se manifesten os seus posibles efectos significativos.

Cando se trate de proxectos de parques eólicos en tramitación, o órgano ambiental, de conformidade co establecido na disposición adicional undécima da Lei 21/2013, do 9 de decembro, poderá acordar a acumulación de procedementos de avaliación de impacto ambiental, cando aprecie que existe identidade substancial ou íntima conexión entre eles.

2. Para permitir a análise do indicado no número anterior, os estudos de impacto ambiental ou os documentos ambientais que elaboren os promotores dos distintos proxectos deberán incluír no seu contido unha análise específica dos indicados efectos acumulativos ou sinérgicos, de acordo co indicado nos artigos 35.1.c) ou 45.1.e) da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

3. O indicado no número 1 en canto á avaliación ambiental dos posibles efectos significativos acumulativos e sinérgicos, á compartición de accesos e infraestruturas e á eventual acumulación das avaliacións de impacto ambiental non obsta para a consideración da autonomía de cada proxecto de parque eólico para efectos da súa autorización independente, atendendo á definición de parque eólico recollida no artigo 2.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Para estes efectos, para a autorización independente de cada parque eólico, e sen prexuízo do disposto no número 1 desta disposición, teranse en conta o carácter unitario de cada parque e a súa consideración autónoma e independente, sempre que teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques de acordo co indicado na normativa estatal do sector eléctrico.

Tampouco afectará a autonomía e a independencia de cada parque, nos termos indicados, o feito de que poidan existir nas súas proximidades outros parques promovidos polo mesmo promotor, sempre que se xustifique que iso vén determinado por un uso racional das posibilidades de explotación ofrecidas polo terreo.

Así mesmo, non afectará a autonomía e a independencia dos parques e a súa posible tramitación e autorización independente a posible tramitación e autorización separada dos proxectos relativos ás súas instalacións de conexión.

4. En ningún caso se autorizará un fraccionamento de proxectos nos termos definidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, que teña por obxecto evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria dos proxectos resultantes, por seren estes inferiores aos limiares establecidos no seu anexo I.

De conformidade co establecido na letra n) da parte B) do anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, non poderá entenderse que existe fraccionamento de proxectos cando os proxectos se sometan individualmente a avaliación de impacto ambiental ordinaria por superaren os limiares fixados no seu anexo I. Esta conclusión non se verá alterada polo feito de os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria compartiren determinadas infraestruturas, sempre que teñan capacidade de funcionamento separado.

A Administración autonómica promoverá, no marco das súas competencias, a compartición e utilización conxunta das infraestruturas dos proxectos de parques eólicos por resultar máis favorable desde o punto de vista medioambiental.

5. O disposto nesta disposición en canto á posible tramitación e autorización independente de cada parque eólico cando teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques, e en canto á apreciación de existencia de fraccionamento, será aplicable aos proxectos de parques eólicos que no momento da entrada en vigor desta disposición non estiveren resoltos de forma definitiva na vía administrativa.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional novena engadida por artigo 39 apartado doce.

Disposición adicional décima. Actuacións de interese xeral dirixidas á repotenciación de parques eólicos para reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente

1. Atendendo ao obxectivo prioritario de reducir o impacto no territorio e no medio ambiente da implantación e explotación dos parques eólicos existentes, tendo en conta a evolución da ciencia e da técnica, decláranse de interese público superior as actuacións de repotenciación de parques eólicos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que consistan na redución do número de aeroxeradores e a súa substitución por outros máis capaces ou eficientes, manténdose a potencia autorizada no proxecto. As actuacións de repotenciación



non poderán dar lugar a un incremento da potencia autorizada no proxecto, agás que se dispoña dun permiso de acceso e conexión que permita a evacuación dunha potencia maior.

2. As actuacións de repotenciación indicadas no número anterior serán obrigatorias para todos os titulares das autorizacións existentes no momento da entrada en vigor desta disposición, consonte o establecido nos números que seguen.

3. Mentres non entre en vigor o Plan sectorial eólico de Galicia, as actuacións de repotenciación serán obrigatorias para os parques eólicos existentes de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, por razóns de redución do seu impacto no territorio e no medio ambiente, naqueles casos en que a repotenciación permita unha redución do número de aeroxeradores en funcionamento sempre que acadasen os vinte e cinco anos desde a súa posta en funcionamento. Non obstante, este prazo poderá ser superior, co límite de trinta anos, no caso de que a vida útil prevista dos aeroxeradores nos proxectos autorizados supere os vinte e cinco anos indicados, de acordo coas previsións contidas na documentación técnica ou nos estudos técnico-económicos de viabilidade presentados no procedemento de autorización orixinario.

4. Están exceptuados da obriga de repotenciación os parques eólicos que non superen o número de dez aeroxeradores e mais os parques eólicos experimentais.

5. As actuacións de repotenciación indicadas no número 3 deberán efectuarse en condicións e en prazos que se axustarán ao principio de proporcionalidade, e serán económica e tecnicamente viables. Para estes efectos tomaranse en consideración os custos e os beneficios da explotación. En particular, teranse en conta os custos asociados ao desmantelamento dos aeroxeradores, incluíndo a adaptación ambiental e a restauración dos terreos liberados, así como os custos e os ingresos asociados ao investimento realizado para a repotenciación.

Igualmente, teranse en conta as mellores técnicas dispoñibles para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, sempre que o titular do parque eólico poida ter acceso a elas en condicións razoables.

As actuacións de repotenciación buscarán a máxima redución posible do número de aeroxeradores en funcionamento, procurándose unha redución, como mínimo, á cuarta parte dos existentes. Non será necesario acadar a referida redución cando as condicións e os valores ambientais da localización desaconsellaren a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita acadar a devandita porcentaxe.

As distancias mínimas dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado serán as aplicables ás autorizacións xa outorgadas.

6. As persoas titulares dos parques eólicos en que se dean as condicións establecidas nesta disposición estarán obrigadas a presentar á Administración autonómica a solicitude de autorización administrativa previa e de construción derivada da repotenciación, achegando o

correspondente proxecto, no prazo de dezaioito meses, contado desde a súa entrada en vigor, ou contado desde o momento en que se cumpran as condicións establecidas no número 3, no suposto de que este cumprimento se produza despois da súa entrada en vigor.

As persoas titulares dos parques eólicos indicarán na súa solicitude e proxecto as condicións e os prazos que propoñan para a execución da repotenciación, e presentarán, en particular, a documentación técnica e económica que xustifique os prazos solicitados e as fases en que se executará, procurando, na medida do posible, unha pronta execución no tempo e o mantemento da produción de enerxía eléctrica durante o seu desenvolvemento. No caso de que a solicitude do promotor indique, por razóns xustificadas de viabilidade técnica ou económica, uns prazos de inicio ou de execución das obras superiores en máis de seis meses aos previstos como mínimos para cada caso no número 9 desta disposición, a Administración autonómica solicitará informe ao Instituto Galego de Promoción Económica para os efectos da análise das razóns indicadas de viabilidade económica, conforme os criterios previstos no número 5, sen prexuízo doutros informes que se considere oportuno solicitar.

7. A Administración autonómica poderalles requirir aos titulares das autorizacións obrigados a realizar as actuacións de repotenciación que presenten a correspondente solicitude de repotenciación, acompañada do proxecto correspondente. Para estes efectos, a Administración autonómica poderá proceder á comprobación das autorizacións outorgadas nas que se poidan dar as condicións previstas nesta disposición, para o cal lles poderá requirir aos titulares das autorizacións a documentación necesaria para a verificación.

8. As solicitudes de repotenciación tramitaranse de conformidade co establecido nesta lei e logo da tramitación ambiental que proceda consonte a normativa aplicable.

A autorización ao proxecto de repotenciación implicará a obriga de proceder ao desmantelamento dos aeroxeradores obsoletos nos termos que se determinen e á restitución ambiental dos terreos que non resulten necesarios para a explotación.

A autorización modificará a poligonal de delimitación do parque eólico para acomodala á área efectivamente afectada pola instalación derivada da repotenciación.

9. A autorización administrativa previa e de construción determinará, consonte o establecido no número 5, as condicións e os prazos en que se deben efectuar as actuacións de repotenciación, especificando aquelas cuxo incumprimento pode dar lugar á revogación da autorización. A autorización non poderá establecer un prazo de inicio das obras e actuacións inferior a dezaioito meses, nin un prazo de execución delas inferior a dezaioito meses, salvo petición do promotor. A Administración, por petición previa do titular da autorización, suspenderá os prazos para a execución das actuacións de repotenciación no caso de que existiren recursos administrativos ou xudiciais interpostos por terceiros, ata que a autorización alcance firmeza.

As actuacións de repotenciación poderán desenvolverse por fases, para manter na medida do posible a produción de enerxía eléctrica durante o seu desenvolvemento.

10. O incumprimento da obriga de solicitar a repotenciación nos supostos en que sexa obrigatoria, os atrasos inxustificables por parte do titular do parque eólico ou a obstrución no procedemento de obtención da autorización, así como o incumprimento da obriga de repotenciación nas condicións e nos prazos establecidos na autorización de repotenciación, poderá dar lugar á revogación da autorización do parque eólico existente, logo de audiencia do interesado.

11. Cando entre en vigor o Plan sectorial eólico de Galicia serán aplicables as súas disposicións en canto aos supostos de obriga de repotenciación e ás condicións e prazos en que deben efectuarse estas actuacións.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décima engadida por artigo 30 apartado dezasete.

Disposición adicional décimo primeira. Elaboración dunha base de datos cartográfica das zonas necesarias para o despregamento da enerxía renovable eólica

1. Consonte o establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, a Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias de ordenación do territorio, elaborará unha base de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica no seu territorio a fin de determinar o potencial doméstico e as zonas terrestres dispoñibles para a instalación de parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación e de rede.

2. A base de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica terá a natureza de instrumento técnico de diagnóstico previo, para os efectos de subministrar información de apoio para os instrumentos de ordenación do territorio e, en especial, para a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia e a planificación das zonas de aceleración renovable, polo que non terá a consideración de plan ou programa.

3. Para a elaboración da base de datos teranse en conta os instrumentos de ordenación territorial vixentes e, en especial, o Plan sectorial eólico de Galicia existente, ademais da información que teña á súa disposición a Administración autonómica e a procedente doutras administracións. Tamén se terán en conta os usos preexistentes nas zonas cartografadas. En todo caso, favoreceranse os usos múltiples nas zonas incluídas na cartografía, polo que a identificación destas zonas non implicará a incompatibilidade con outros usos. Os proxectos de enerxía renovable eólica serán compatibles cos usos preexistentes das devanditas zonas.

Darase publicidade por medios electrónicos á base de datos elaborada.

4. O establecido neste precepto entenderase sen prexuízo dos mecanismos de cooperación ou coordinación que establezan as autoridades competentes para os efectos da integración da base de datos na cartografía que se elabore a nivel nacional.



5. A base de datos será revisada e actualizada cando sexa necesario, tendo en conta, en particular, as actualizacións do Plan nacional de enerxía e clima.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo primeira engadida por artigo 30 apartado dezaioito.

Disposición adicional décimo segunda. Zonas de aceleración renovable eólica

1. De conformidade co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, a Administración autonómica poderá aprobar como instrumentos específicos de planificación, antes da aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia, a designación de zonas de aceleración renovable eólica. Nestes instrumentos designaranse zonas terrestres suficientemente homoxéneas nas cales non se prevexa que o despregamento da enerxía eólica vaia ter un impacto ambiental significativo, tendo en conta as particularidades da zona seleccionada.

2. Para definir as zonas en que as plantas de enerxía renovable non teñen un impacto ambiental significativo, utilizaranse todas as ferramentas e conxuntos de datos adecuados e proporcionados, e teranse en conta os datos dispoñibles no contexto do desenvolvemento dunha Rede Natura 2000 coherente e suficiente no que respecta a tipos de hábitats e especies, consonte a normativa comunitaria aplicable.

3. Das zonas de aceleración renovable eólica serán excluídas, de conformidade co que estableza a normativa comunitaria vixente en cada momento, os espazos da Rede Natura 2000 e as zonas designadas consonte a normativa de protección da natureza e conservación da biodiversidade, as principais rutas de migración de aves e mamíferos, así como outras zonas definidas conforme as ferramentas mencionadas no número 2.

4. Nos instrumentos de designación das zonas de aceleración renovable eólica, atendendo ás especificidades de cada zona e ao impacto ambiental detectado, estableceranse normas adecuadas aplicables en canto ás medidas de mitigación efectivas que deben adoptarse en relación coa instalación de plantas de enerxía renovable eólica, así como os activos necesarios para a conexión das devanditas plantas á rede, a fin de evitar o impacto ambiental adverso que poida xurdir ou, se non for posible, reduci-lo significativamente, de ser o caso velando por que se apliquen medidas de mitigación adecuadas de forma proporcionada e oportuna para garantir o cumprimento das obrigas establecidas na normativa comunitaria e para evitar a deterioración e lograr un bo estado ecolóxico ou un bo potencial ecolóxico.

Serán aplicables, en particular, en canto a estes aspectos, os criterios establecidos na Lei de fomento dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.



5. O cumprimento das normas a que se refire o número 4 e a execución das medidas de mitigación adecuadas por parte dos proxectos individuais darán lugar á presunción de que os proxectos non incumpren as disposicións tidas en conta, consonte o establecido na normativa comunitaria.

6. O procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación nos que se designen as zonas de aceleración renovable eólica iniciárase de oficio por acordo da consellaría competente en materia de planificación enerxética, que terá a consideración de órgano substantivo.

O órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada dun borrador do instrumento de planificación e da documentación exixida pola normativa de avaliación ambiental.

A tramitación da solicitude realizarase consonte o establecido na normativa básica estatal para a avaliación ambiental estratéxica.

Unha vez formulada polo órgano ambiental a declaración ambiental estratéxica, a persoa titular da consellaría competente en materia de planificación enerxética acordará a aprobación provisional do instrumento de planificación.

O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de planificación enerxética, aprobará definitivamente o instrumento de planificación, mediante un decreto que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia. Darase publicidade ao instrumento de planificación na sede electrónica da Administración autonómica.

7. O decreto de aprobación da designación das zonas de aceleración renovable xustificará a avaliación realizada para definir cada zona de aceleración renovable e para definir as medidas de mitigación adecuadas.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo segunda engadida por artigo 30 apartado dezanove.

Disposición adicional décimo terceira. Áreas de infraestrutura específicas para a execución dos proxectos de rede necesarios para integrar a enerxía renovable no sistema eléctrico

1. De conformidade co establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, a Administración autonómica poderá aprobar, no marco das súas competencias, como instrumentos específicos de planificación, antes da aprobación do Plan sectorial eólico de Galicia, a designación de áreas de infraestrutura específicas para a execución dos proxectos de rede necesarios para integrar a enerxía eólica no sistema eléctrico nas que non se prevea que a execución dos devanditos proxectos teña

un impacto ambiental significativo, un impacto que poida mitigarse ou, na súa falta, compensarse debidamente. O obxectivo das citadas áreas será apoiar e complementar as zonas de aceleración renovable eólica.

2. O procedemento de aprobación será o establecido no número 6 da disposición adicional décimo segunda.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo terceira engadida por artigo 30 apartado vinte.

Disposición adicional décimo cuarta. Procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica

Será aplicable o establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, en canto ao procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo cuarta engadida por artigo 30 apartado vinte e un.

Disposición adicional décimo quinta. Solicitudes de nova tramitación de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

1. As persoas promotoras de parques eólicos que non dispoñan de autorización de explotación definitiva na vía administrativa poderán optar voluntariamente por unha nova tramitación das autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico, calquera que for o estado de tramitación das indicadas autorizacións e aínda que tales autorizacións estiveren xa outorgadas.

Así mesmo, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria novena bis, as persoas promotoras de infraestruturas de evacuación de parques eólicos poderán optar voluntariamente por unha nova tramitación conxunta das autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico e da súa infraestrutura de evacuación, calquera que for o estado de tramitación das indicadas autorizacións e aínda que as autorizacións administrativas previa e de construción do parque eólico estiveren xa outorgadas.

2. Se, cando se solicite a nova tramitación, as autorizacións administrativas previas e de construción do parque eólico estiveren xa outorgadas, estas autorizacións manteranse en



vigor ata o momento en que adquira firmeza en vía administrativa e, de ser o caso, xudicial a nova autorización.

A presentación da solicitude de nova tramitación ou de tramitación conxunta das autorizacións previas e de construción do parque eólico e da súa infraestrutura de evacuación, no caso de que as autorizacións non estiveren outorgadas, comportará a desistencia dos procedementos que se iniciasen con anterioridade en relación co mesmo proxecto, con efectos desde a data da admisión a trámite da solicitude de nova tramitación. A desistencia farase constar expresamente na solicitude de nova tramitación, con referencia aos procedementos anteriores en tramitación en relación co mesmo proxecto.

3. No caso de que se solicite a nova tramitación ou tramitación conxunta, iniciárase un novo procedemento administrativo, ao cal será aplicable a lexislación vixente no momento do seu inicio, incluída a Lei 2/2024, do 7 de novembro.

4. Aos proxectos de parques eólicos sometidos a nova tramitación consonte o previsto nesta disposición seralles aplicable o establecido nos artigos 35, 36 e 37 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, polo que se presumirá que se trata de proxectos de interese público superior que contribúen á saúde e á seguridade pública para os efectos dos artigos 3 do Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables, e 16 septies da Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables. O devandito interese público superior será ponderado de maneira concreta na tramitación do novo procedemento de outorgamento da autorización administrativa previa, de construción e de explotación do parque, e das autorizacións das súas infraestruturas de evacuación, e, en particular, no trámite de avaliación ambiental.

5. Ás solicitudes previstas neste artigo aplicaráselles unha tramitación simplificada, coas seguintes especialidades con respecto ao procedemento regulado no título IV desta lei:

a) No caso de que non variasen as circunstancias acreditativas da capacidade legal, técnica e económica da persoa solicitante con respecto ás alegadas na primeira tramitación do proxecto, a devandita capacidade poderá ser acreditada mediante unha declaración responsable.

b) A garantía económica prestada na primeira tramitación do proxecto entenderase aplicada á nova tramitación, que estará exenta do pagamento da taxa de verificación de requisitos e capacidades.

c) As solicitudes tramitaranse con prioridade con respecto ás solicitudes relativas a novos proxectos de parques eólicos.

d) O estudo de impacto ambiental ou, de ser o caso, o documento ambiental incorporará os contidos previstos no artigo 10 da Lei 2/2024, do 7 de novembro.

e) Aplicaranse os requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable vixentes no momento en que se presentase a primeira solicitude de autorización administrativa previa e de construción do proxecto.

f) Só se solicitarán os informes previos aos órganos sectoriais previstos no artigo 34.8 cando existan indicios fundados de que o proxecto producirá efectos adversos importantes sobre o medio ambiente ou a paisaxe que non se poidan mitigar nin compensar.

g) Na avaliación ambiental do proxecto aplicaranse as previsións do capítulo II do título I da Lei 2/2024, do 7 de novembro, e ponderarase de maneira concreta o interese público superior do proxecto.

h) Os condicionados técnicos emitiranse nun prazo de dez hábiles e pronunciaranse exclusivamente sobre as modificacións que, de ser o caso, presente o proxecto con respecto ao inicialmente tramitado. De non existiren modificacións relevantes para estes efectos, incorporaranse ao expediente os condicionados técnicos emitidos en relación co proxecto inicialmente tramitado.

i) O informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas pronunciarase exclusivamente sobre as modificacións que, de ser o caso, presente o proxecto con respecto ao inicialmente tramitado. De non existiren modificacións relevantes para estes efectos, incorporaranse ao expediente o informe emitido en relación do proxecto inicialmente tramitado.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo quinta engadida por artigo 30 apartado vinte e dous.

Disposición adicional décimo sexta. Instrumentos para a análise dos valores ambientais das localizacións en que se implanten proxectos de enerxía eólica e as súas infraestruturas de evacuación

1. As avaliacións ambientais que se realicen dos proxectos de enerxía eólica e as súas infraestruturas de evacuación realizaranse tendo en conta o mellor coñecemento científico dispoñible, de acordo co principio establecido no artigo 2.1) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Para estes efectos, á hora de identificar, desde o punto de vista ambiental, os eventuais condicionantes ambientais xerais da zona a que afectan os proxectos, teranse en conta as ferramentas, as bases cartográficas e as fontes de datos oficiais que gocen da maior precisión e actualización, que serán de utilización e aplicación prevalente ás que teñan menor detalle.

2. O indicado no número anterior entenderase en todo caso dentro do carácter orientativo das indicadas ferramentas, bases cartográficas e fontes de datos, polo que será necesario que se concreten especificamente, durante o trámite de avaliación ambiental que



corresponda, os valores e os impactos ambientais para cada proxecto particular, atendendo á súa localización concreta e ás súas características, así como ás solucións e medidas preventivas e correctoras específicas adoptadas, sen que os instrumentos anteditos poidan prexulgar o resultado da avaliación ambiental.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo sexta engadida por artigo 30 apartado vinte e tres.

Disposición adicional décimo sétima. Enerxía de fontes renovables

De conformidade co establecido no artigo 6 do Regulamento (UE) 2024/1991 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2024, relativo á restauración da natureza e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2022/869, exímese a planificación, construción e explotación de parques eólicos de competencia autonómica, así como a súa conexión á rede e á propia rede correspondente e activos de almacenamento conexos, do requisito de non dispoñer de solucións alternativas menos prexudiciais en virtude do disposto no artigo 4, números 14 e 15, e do artigo 5, números 11 e 12, do devandito Regulamento (UE) 2024/1991, cando se sometese a unha avaliación ambiental estratéxica ou a unha avaliación de impacto ambiental nas condicións exixidas na normativa vixente.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décimo sétima engadida por artigo 30 apartado vinte e catro.

Disposicións transitorias

Primeira.-Réxime aplicable a procedementos de autorización en curso.

1. As xustificadas razóns que motivan esta norma son causas necesarias e suficientes de interese público que determinan o desestimento dos procedementos de autorización de parques eólicos en tramitación instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008.
2. En aplicación do previsto no anterior parágrafo, a persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, no prazo do mes seguinte á entrada en vigor da lei, ditará resolución e acordará, expresa e unilateralmente, o desestimento e, en consecuencia, a finalización do procedemento e dos trámites instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008.
3. O desestimento comunicaráselles aos operadores económicos interesados que participasen no referido procedemento.



4. As indemnizacións que se é o caso deriven do desestimento referiranse exclusivamente aos gastos debidamente xustificadas que resultasen imprescindibles na instrumentación da solicitude sempre e cando tales documentos non sexan utilizados nas novas convocatorias que se produzan ao amparo desta lei.

5. No prazo dos dous meses seguintes á entrada en vigor da lei a consellaría competente en materia de enerxía ditará as resolucións oportunas e iniciará o proceso de convocatorias mencionado no artigo 28º desta norma.

Segunda.-Áreas de desenvolvemento eólico

1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.

2. No caso das áreas de desenvolvemento eólico nas que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, agás proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 desta lei. Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico recollidas na poligonal establecida no seu proxecto de execución.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo modificado: Disposición transitoria segunda nova redacción por por disposición derradeira sétima apartado once.

Terceira.-Plan sectorial eólico de Galicia.

En tanto non se aprobe un novo plan sectorial eólico de Galicia entenderase aplicable o actualmente vixente en todo aquilo que non se opoña ao establecido nesta lei.

Cuarta.-Especial referencia ao Decreto 302/2001.

De forma transitoria, o Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de outubro de 2002, pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos e parques eólicos singulares, serán aplicables para todos aqueles parques eólicos e parques eólicos singulares que foron admitidos a trámite en ordes de convocatoria formuladas ao abeiro desta lexislación.

Quinta.-Suspensión da tramitación de parques eólicos na ampliación da Rede Natura.



1. O anuncio de exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura 2000 determinará por si mesmo a suspensión do procedemento de autorización dos parques eólicos que se sitúen, en todo ou en parte, no ámbito territorial obxecto de ampliación, ata a aprobación da proposta de ampliación polo Consello da Xunta de Galicia.
2. Aprobada, se é o caso, a proposta de ampliación da Rede Natura 2000, estarase ao disposto no artigo 31 desta lei.
3. Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas para ditar cantas disposicións sexan precisas co fin de garantir a finalidade desta disposición.

Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria quinta engadida por disposición derradeira segunda apartado tres.

Sexta.-Normas transitorias mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto nesta lei

1. O necesario desenvolvemento regulamentario ao que se fai referencia nesta lei non impedirá a admisión a trámite de novas solicitudes de autorización de parques eólicos mentres aquel non se leve a cabo.

Para estes efectos, en tanto non se realice o desenvolvemento regulamentario previsto nos puntos 3 e 4 do artigo 29 respecto do modelo normalizado de solicitude, as solicitudes presentaranse mediante instancia por escrito dirixida á persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía.

Do mesmo xeito, ata que se proceda ao desenvolvemento regulamentario indicado, o contido do proxecto de execución será o indicado para este tipo de instalacións no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, ou norma que o substitúa.

2. En tanto non se diten as normas de desenvolvemento regulamentario ás que se fai referencia no punto 4 do artigo 31, entenderase que existe solapamento da nova solicitude cando a distancia proxectada horizontalmente entre os aeroxeradores da nova solicitude e os aeroxeradores dun parque eólico en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa sexa inferior a 10 diámetros do parque eólico autorizado ou en fase de tramitación administrativa nas direccións correspondentes ao 1º (+,+) e 3º (-,-) cuadrante, e a 4 diámetros nas direccións correspondentes ao 2º (-,+) e 4º (+,-) cuadrante. Para estes efectos, tomarase o maior dos diámetros dos aeroxeradores afectados. Para a determinación da dirección, terase en conta a liña recta que una o aeroxerador solicitado co

aeroxerador do parque que xa se atopa en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa, utilizando un sistema de coordenadas cartesianas co norte orientado no eixe +y.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo engadido: Disposición transitoria sexta engadida por por disposición derradeira sétima apartado doce.

Sétima.-Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta

1. Os requisitos de distancia establecidos na disposición adicional quinta aplicaranse ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos, de calquera potencia, que se admitan a trámite logo da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos solicitadas a partir da entrada en vigor da indicada lei que, por supoñeren efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente, requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental.

Quedan exceptuadas da regra establecida no parágrafo anterior as modificacións substanciais que se indican a seguir, nas que a distancia mínima a núcleos rurais, urbanos e urbanizables delimitados será de 500 metros:

- a) As modificacións substanciais que veñan impostas por un informe sectorial.
 - b) As modificacións substanciais derivadas do uso compartido de infraestruturas de conexión comúns que non supoñan cambios nas posicións dos aeroxeradores.
 - c) As modificacións que se consideren substanciais por supoñeren unha redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto e que consistan na redución do número dos aeroxeradores proxectados, sempre que non supoñan cambios na posición dos restantes.
3. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de autorización de parques eólicos que se encontren pendentes de admisión no momento da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e que se presentasen despois do 20 de outubro de 2021.

Para estes casos, concédese un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para que os suxeitos



promotores poidan modificar os seus proxectos ou desistir deles. No caso de desistiren, os promotores terán dereito a recuperar as garantías presentadas.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria sétima engadida por artigo 39 apartado catro.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria sétima apartado 2 nova redacción por artigo 46 apartado catro.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Artigo modificado: Disposición transitoria sétima apartado 2 nova redacción disposición derradeira segunda apartado tres.

Oitava.-Tramitación de expedientes sen permisos de acceso e conexión

Os proxectos admitidos a trámite con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión disporán dun prazo de doce meses desde a entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para obter un permiso de acceso e conexión. No caso contrario, procederase ao arquivo da solicitude, logo da audiencia do interesado.

Non obstante, non se procederá ao arquivamento de proxectos admitidos a trámite cando estes, aínda non dispoñendo de permisos de acceso e conexión no referido prazo, soliciten en calquera momento anterior á declaración de arquivamento a súa tramitación baixo a modalidade de autoconsumo sen excedentes, e sempre e cando o proxecto de autoconsumo estea vinculado cun proxecto industrial estratéxico e ademais as liñas directas cumpran cos condicionantes de lonxitude máxima e ratio de lonxitude por megawatt fixados na disposición adicional terceira desta lei. De igual forma, as novas solicitudes de proxectos que cumpran tales requisitos serán incluídas no rexistro eólico. En todo caso, e excepto para as instalacións suxeitas á modalidade de autoconsumo sen excedentes, a autorización administrativa de instalacións de xeración non poderá ser outorgada se o seu titular non obtivo previamente os permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes e os demais que requira a lexislación básica aplicable.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria oitava engadida por artigo 39 apartado cinco.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo modificado: Disposición transitoria oitava nova redacción por artigo 46 apartado dous.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Artigo modificado: Disposición transitoria oitava parágrafo segundo nova redacción disposición derradeira segunda apartado catro.

Novena.-Expedientes de parques eólicos de autoconsumo solicitados

Os proxectos de parques eólicos de autoconsumo con excedentes que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, poderán continuar a súa tramitación consonte o procedemento anterior á súa entrada en vigor, sempre que quede acreditado que o permiso de acceso e conexión fose outorgado polo xestor da rede a que se conectan antes da indicada entrada en vigor. No caso contrario, continuarase a tramitación de acordo co establecido no título IV desta lei.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria novena engadida por artigo 39 apartado trece.

Novena bis.-Réxime transitorio de tramitación de parques eólicos anteriores á entrada en vigor da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

1. As solicitudes de tramitación de infraestruturas de evacuación para parques eólicos que fosen admitidas a trámite antes da entrada en vigor da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, rexeranse polo establecido na normativa anterior.
2. As infraestruturas de evacuación correspondentes a parques eólicos resoltos desfavorablemente ou arquivados como consecuencia dunha declaración de impacto ambiental desfavorable ou por desistencia do promotor serán arquivadas, agás que no prazo de tres meses desde a notificación ao promotor de que se vai proceder ao arquivamento este acredite que a infraestrutura de evacuación evacúa a enerxía dalgún proxecto de enerxía renovable en tramitación ou autorizado.

Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.



Artigo engadido: Disposición transitoria novena engadida por disposición derradeira segunda apartado cinco.

Décima.-Proxectos sectoriais ou proxectos de interese autonómico en tramitación

Atendendo ao recollido no artigo 40, a dirección xeral con competencias en materia de enerxía procederá de oficio ao arquivamento dos procedementos asociados aos proxectos sectoriais ou aos proxectos de interese autonómico relativos a parques eólicos e ás súas infraestruturas de evacuación que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este arquivamento será comunicado tanto ao promotor como aos concellos afectados e á dirección xeral da Administración autonómica competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria décima engadida por artigo 39 apartado catorce.

Décimo primeira.-Posibilidade de outorgamento separado da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción

1. Non obstante o previsto no artigo 34 en relación co outorgamento conxunto da autorización administrativa previa e de construción, atendendo aos prazos para o cumprimento dos fitos establecidos polo Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, a Administración autonómica, por solicitude da persoa promotora, poderá outorgar de forma separada a autorización administrativa previa cando se cumpran os requisitos necesarios para esta, coa finalidade de posibilitar o cumprimento dos fitos expresados.

Nestes casos, unha vez outorgada a autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción deberase outorgar unha vez que o proxecto de execución cumpra cos requisitos derivados da normativa aplicable e se efectuasen as modificacións e adaptacións necesarias derivadas da instrución do procedemento, de acordo co previsto no artigo 34 desta lei.

2. Esta disposición será aplicable mentres se manteñan os fitos administrativos marcados polo Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Artigo engadido: Disposición transitoria décimo primeira engadida por artigo 39 apartado quince.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria décimo primeira nova redacción por artigo 24 apartado once.

Décimo segunda.-Réxime transitorio aplicable mentres non entre en vigor o novo Plan sectorial eólico de Galicia

1. Mentres non entre en vigor o novo Plan sectorial eólico de Galicia, elaborado de acordo coas prescricións establecidas no artigo 6 e seguintes da lei, aplicárase o réxime transitorio previsto nesta disposición, coa finalidade de ordenar e regular a implantación territorial dos parques eólicos, de forma compatible coas finalidades da planificación eólica recollidas nas alíneas c), d), e), f) e g) do artigo 6.2, e, en particular, co obxecto de aplicar medidas provisionais que permitan a fixación de beneficios sociais e económicos no territorio, convertendo o despregamento da enerxía eólica nunha ferramenta ao servizo da cohesión territorial, favorecer as comunidades locais, así como a actividade económica de Galicia e o tecido industrial local, fomentando a competitividade da industria galega e minimizando o impacto sobre o medio ambiente e a paisaxe, achegando as instalacións de produción de enerxía aos puntos de consumo.

2. A presente disposición non será aplicable aos procedementos que estean en tramitación, atendendo ao establecido no artigo 31.3, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025. Tampouco será aplicable ás solicitudes de repotenciación que se efectúen de parques existentes, nin ás solicitudes de re tramitación de autorizacións que se efectúen de acordo co establecido na disposición adicional décimo quinta.

3. Tendo en conta o nivel de ocupación das áreas de desenvolvemento eólico actuais, atendendo ao número de autorizacións existentes, e a necesidade de salvagardar a capacidade de ordenación do novo Plan sectorial eólico, non se admitirán novas solicitudes para a autorización de parques eólicos de competencia autonómica ás que sexa aplicable esta disposición cando estes se sitúen nas indicadas áreas. Por excepción, poderán presentarse solicitudes cando as persoas promotoras asuman o compromiso de formalizaren contratos de subministración de enerxía a medio ou longo prazo (PPA) a un prezo predeterminado, durante todo o período de vixencia da autorización, nas condicións establecidas no número 4.

4. Os contratos que se formalicen de acordo cos compromisos a que se refire o número anterior deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:

a) Comprenderán, ao menos, o 50 % da enerxía producida.

b) Os consumidores finais destinatarios da enerxía serán consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, ou, no caso de non existiren consumidores interesados nesas zonas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O prazo mínimo de duración dos contratos será de cinco anos.

d) O contrato poderá formalizarse directamente cos consumidores finais ou a través de empresas comercializadoras de enerxía.

5. Fóra das áreas de desenvolvemento eólico existentes só poderán desenvolverse os proxectos declarados de especial interese público social e económico que cumpran co establecido no artigo 18.2 da Lei 2/2024, do 7 de novembro.

6. Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite.

7. O establecido nos números 3 e 4 aplicarase ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos que se presenten nas zonas de aceleración renovable eólica aprobadas de acordo coa disposición adicional décimo segunda.

8. O réxime transitorio establecido nesta disposición aplicarase desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o momento da entrada en vigor do novo Plan sectorial eólico de Galicia. Porén, este réxime transitorio deixará de se aplicar se o novo Plan sectorial eólico de Galicia non se aprobar no prazo de tres anos, contado desde o 1 de xaneiro de 2025.

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición transitoria décimo segunda engadida por artigo 30 apartado vinte e cinco.

Disposición derogatoria

Única.-Especial referencia ao Decreto 242/2007.

Queda derogado o Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, e a Orde do 13 de xuño de 2002 pola que se crea e regula a Comisión de Seguimento do Plan Eólico de Galicia.

Quedan derogadas as demais disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposicións derradeiras



Primeira.-Habilitación normativa.

A Xunta de Galicia ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei. Autorízase a consellaría competente en materia de facenda para aprobar as disposicións que sexan precisas para a aplicación do canon eólico.

Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Artigo modificado: Disposición derradeira primeira nova redacción por disposición derradeira cuarta apartado sete.

Segunda.-Habilitación para a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia poderá modificar calquera elemento do canon eólico.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no Diario Oficial de Galicia. O canon eólico comezará a exixirse a partir do 1 de xaneiro de 2010

Disposición derradeira cuarta. Normativa supletoria

En todo aquilo non disposto por esta lei aplicárase con carácter supletorio a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento, ou normas que as substitúan.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Artigo engadido: Disposición derradeira cuarta engadida por por disposición derradeira sétima apartado trece.

Santiago de Compostela, vinte e dous de decembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

